Xestión responsable de VEGALSA-EROSKI

En VEGALSA-EROSKI o encargado de controlar o cumprimento normativo e de conduta establecido no Código Ético, políticas e procedementos é o Comité de Cumprimento, un órgano propio de VEGALSA-EROSKI.

Da mesma forma, tamén contamos cunha canle de denuncia, onde calquera usuario pode informar de accións contrarias ao marco ético e normativo interno ou de actuacións contrarias á legalidade vixente. Desde decembro de 2021 é posible realizar denuncias anónimas a través da canle de denuncia.

Ademais do Código Ético, aprobado en maio de 2018 e que entrou en vigor en maio 2019, o noso marco de cumprimento en VEGALSA-EROSKI está conformado por seis políticas de cumprimento: privacidade e confidencialidade; anticorrupción; conflito de interese; compras e contratacións; doazóns e patrocinios; e atencións e regalos.

Código Ético

O Código Ético de VEGALSA-EROSKI recolle os principios éticos e os valores que aplicamos en todos os ámbitos da nosa actividade e complétase coas políticas de cumprimento e os seus correspondentes procedementos.

- **Legalidade:** estrito cumprimento da Lei e da normativa interna.
- Compromiso coa **saúde e a seguridade** das persoas.
- **Máximo respecto**, equidade e dignidade no trato a todos os empregados, colaboradores, socios, competidores e demais terceiros vinculados coa Sociedade.
- **Criterios obxectivos** na selección e promoción dos traballadores.
- **Transparencia, obxectividade e profesionalidade** no desenvolvemento de todas as súas actividades e das relacións cos grupos de interese.
- **Uso racional e adecuado** de todos os recursos, salvaguardando os activos da Sociedade.
- Intimidade, **protección de datos** e información confidencial.
- **Compromiso** co medio ambiente.

Xestión de riscos

A responsabilidade última da xestión de riscos de VEGALSA-EROSKI recae sobre o Consello de Administración. Contamos con dous sistemas de xestión diferenciados, cun funcionamento independente pero coordinado.

Por unha parte, está o Sistema de Xestión de Riscos Corporativos e por outro lado, o Programa de Prevención e Control de Delitos-Riscos Penais (Compliance). Ambos sistemas teñen a súa propia estrutura cos seus órganos de xestión e control. Estes órganos son o Comité de Análise de Riscos (CAR), que se encarga dos riscos corporativos, e o Comité de Cumprimento, que xestiona os riscos penais.

Así mesmo, o Consello de Administración aprobou as normas e a metodoloxía que deben seguir os procesos de dilixencia debida. No Manual de Prevención e Control de Delitos inclúese un protocolo de toma de decisións que deberán ter en conta todos os órganos con poder de decisión e funcións na formación da vontade societaria.

O Comité de Análise de Riscos reporta dúas veces ao ano ao Consello de Administración e o Comité de Cumprimento unha vez ao ano, onde fai un descargo dos riscos e informa das cuestións de interese. A Sección de Cumprimento do Departamento Xurídico realiza dous descargos anuais, previos ao do Comité de Cumprimento, ao que informa de calquera anomalía detectada.



Mecanismos formais de queixa e reclamación

202-1

No noso compromiso cunha xestión ética e responsable, establecemos distintas canles de queixas ou reclamacións que nos permiten identificar e xestionar as posibles incidencias en materia ambiental, social ou de bo goberno. En concreto:

Cientes

Poden dirixirse ao teléfono de atención ao cliente de EROSKI, 944 943 444, de luns a sábado de 9.00 a 22.00 h ou encher o formulario dispoñible en www.eroski.es/contacto. No caso de querer contactar con CAPRABO, poden facelo a través del teléfono 932 616 060 no mesmo horario, ou entrar na páxina web: www.miclubCAPRABO.com/atencion-cliente. FORUM SPORT dispón do teléfono 944 286 618 co mesmo horario e da dirección de correo electrónico forumsport@forumsport.es. En calquera desas canles queda rexistrada a queixa/reclamación e xestiónase cos responsables correspondentes dentro da organización para ofrecer unha solución/compensación coa maior brevidade posible.

Traballadores e traballadoras

Para queixas ou reclamacións relacionadas con xestións administrativas ou propias do seu posto, os traballadores e traballadoras poden dirixirse ao Departamento Social a través do seu xefe ou rexional de Persoas ou contactando co responsable de Administración de Persoas. Para denuncias relacionadas co incumprimento do Código de Conduta Corporativo ou Plan de Riscos Penais, dispoñemos dun teléfono de contacto (94 621 12 34), unha caixa de correos electrónicos (canaldedenuncia@eroski.es; canaldedenunciavegalsa@gmail.com) e un formulario para a súa entrega física. O responsable da Oficina de Cumprimento reportará ao Comité de Auditoría e Cumprimento do Consello Reitor as denuncias recibidas a través da canle de denuncia e da Área Social. O Comité de Auditoría supervisará o funcionamento dos procedementos establecidos na recepción das consultas e as notificacións e validará a resposta dada nas mesmas. Ademais, contamos cun protocolo específico para o tratamento dos casos de acoso sexual e por razón de sexo no posto de traballo. Este protocolo actívase pola solicitude de intervención da presunta vítima a través do seu xefe ou rexional de Persoas, ou dalgún dos membros do Consello Social. En tal caso, constituirase unha Comisión Instrutora que abrirá o correspondente expediente de investigación confidencial. Finalizado o mesmo, emitirá un informe de conclusións, que se remite á Dirección de Persoas para adoptar as medidas propostas que considere oportunas.

Cumprimento contractual ou legal

As notificacións ou os requirimentos relacionados con algún incumprimento regulamentario ou contractual son remitidos ao centro ou área correspondente ou directamente ao Departamento Xurídico de EROSKI. Neste último caso, dependendo da materia da que se trate, o Departamento Xurídico derivará á área de xestión correspondente o escrito para solicitar a resposta. En función dela, realizará o escrito de contestación con arranxo á Lei de Procedemento Administrativo. Ademais, se procedera, poñeríanse en marcha aquelas accións dirixidas a emendar o incumprimento que orixinou a reclamación.

Empresas provedoras

O Servicio de Atención a empresas provedoras da servizo aos mesmos en materia contable e financeira. E dicir, a situación das súas facturas, os vencementos, os pagos ou os cargos emitidos por parte de EROSKI. No caso de que as empresas provedoras utilicen esta canle para trasladar dúbidas ou problemas en relación con outros temas, redírixeselle ás persoas e/ou departamentos correspondentes. Este servizo tamén resolve dúbidas de xestores comerciais que poidan ter algunha incidencia con algún provedor/a ou que poidan requirir algunha información sobre o estado da conta. As empresas provedoras contactan co SIP ben por teléfono (de 8:30 a 13:30 e de 15:00 a 16:00) ou ben por correo electrónico, o cal se vai revisando e xestionando, cunha demora de non máis de 2 días, en función das épocas (días previos a pagos etc.). Ademais, as empresas provedoras pódense adherir de forma gratuita á páxina web que teñen á súa disposición, a través da cal poden acceder á situación das facturas, os cargos, consultar movementos de ata 5 anos de antigüidade, etc.

Para valorar a eficacia do servizo, lévanse a cabo estatísticas de número de chamadas recibidas por período e franxa, chamadas atendidas, non atendidas e recibidas en franxas horarias que non son de atención. Ademais, contrólase o número de correos electrónicos recibidos e as datas nos que son enviados polas empresas provedoras para non incorrer en demoras.

2

Modelo
de negocio
comprometido
"contigo"





Modelo de negocio

102-2; 102-4; 102-6

O noso modelo de negocio está orientado cara a un modelo de empresa multi-formato que dea resposta ás diferentes necesidades dos nosos clientes. Para iso contamos cunha carteira de marcas que abranguen desde o noso negocio principal, a alimentación, ata axencias de viaxes, gasolineras, tendas deportivas, ópticas e seguros.

Por este motivo, contamos cunha rede comercial diversificada e eficiente, composta por 1.646 establecementos físicos nunha superficie de 1,8 millóns de metros cadrados, que

persegue facilitar os procesos de compra e dar cobertura ás persoas que depositan a súa confianza en nós. Ademais, contamos con 9 tendas online para os negocios de alimentación, material deportivo e seguros.

Varias entidades especializadas en zonas xeográficas e liñas de negocios concretos son consecuencia, no Grupo EROSKI, da nosa busca dunha maior calidade e excelencia nos produtos e servizos que ofrecemos.

I Negocios de alimentación

CASH&CARRY

VEGALSA-EROSKI conta con 18 Cash&Carry baixo a enseña Cash Record. Este negocio ofrece produtos de alimentación, droguería, enxoval e adega con formatos adaptados ao sector HORECA e alimentación comerciante polo miúdo, ademais dunha sección de non alimentación. En 2021 inaugurouse ademais a primeira tenda *online* deste negocio.

SUPERMERCADOS

O grupo EROSKI conta con 1.336 supermercados, 759 propios e 577 franquizados. Existen diferentes enseñas de supermercados dependendo do modelo comercial e a rexión. Así, contamos con 599 EROSKI City, 296 CAPRABO, 166 EROSKI Center, 106 ALIPROX, 75 FAMILIA, 48 ONDA e 46 RAPID.

HIPERMERCADOS

EROSKI conta cunha rede de 36 hipermercados de distintos tamaños na zona norte, concentrados especialmente no País Vasco. Estas tendas ofrecen tanto produtos de alimentación como de non alimentación (têxtil, bazar, electrónica, electrodomésticos, libros, etc.).

I Negocios de diversificación

FORUM SPORT

É a enseña de deportes do Grupo EROSKI con máis de 25 anos de experiencia na venda especializada de material deportivo e presente en 12 comunidades autónomas. A súa rede comercial inclúe varias tendas especializadas en sneakers e roupa para mozos baixo a marca Dooers.

ÓPTICAS

EROSKI dispón dunha cadea de 11 centros ópticos cos mellores profesionais, produtos, servizos e garantías. Nas súas ópticas ofrécese unha variada gama de produtos de calidade e deseño: gafas graduadas e de sol, lentes de contacto, líquidos e accesorios, etc.

GASOLINEIRAS

EROSKI conta en 2021 con 38 gasolineras, localizadas estratexicamente xunto aos seus hipermercados e supermercados. As gasolineras EROSKI manteñen a política da cooperativa de trasladar aos seus clientes os mellores prezos, facilidades de pago e descontos.

Viaxes EROSKI

Axencia de viaxes do Grupo EROSKI (incluíndo tamén Viatges Caprabo, en Cataluña, ademais das súas oficinas online www.viajeseroski.es e www.viatgescaprabo.com). Ademais da súa actividade no sector vacacional, destacan o seu servizo de atención exclusiva á empresa nas principais cidades (Madrid e Barcelona entre elas), e unha división especializada na organización de convencións e congresos (Travel Air Events). Travel Air forma parte de GEBTA (Guild European Business Travel Agents) e ITP (Internacional Travel Partnership).

1.390
establecementos vinculados á alimentación

247
establecementos de negocios diversificados entre axencias de viaxes, gasolineras, tendas deportivas e ópticas

Número de tendas do Grupo EROSKI e as súas franquías por negocio

1.646
Total tendas

1.044
Propias

602
Franquiadas

Negocio	Propias	Franquiadas	Total
Hipermercados	36	0	36
Supermercados	759	577	1.336
Cash&Carry	18	0	18
Gasolineras	38	0	38
Ópticas	11	0	11
Axencias de viaxe	106	24	130
Tendas de material deportivo FORUM SPORT	67	1	68
Tendas <i>online</i>	9	–	9
Total	1.044	602	1.646

Número de supermercados do Grupo EROSKI e as súas franquías por enseña

1.336
Supermercados


759
Propias

577
Franquiadas

Negocio	Propias	Franquiadas	Total
EROSKI City ¹	309	290	599
CAPRABO	210	86	296
EROSKI Center	164	2	166
ALIPROX	0	106	106
FAMILIA	75	0	75
ONDA	0	48	48
RAPID	1	45	46
Total	759	577	1.336

¹A cifra de EROSKI City inclúe os establecementos MERCA, que se presentaba desagregada en anos anteriores.

I Distribución por comunidade autónoma e negocio dos establecementos físicos



	Establecementos propios						Establecementos franquiciados				Total	
	Negocios alimentación			Negocios diversificados			Negocios alimentación		Negocios diversificados			
	Hipermercados	Supermercados	Cash & Carry	Gasolineras	Ópticas	Axencias de viaxes	Ocio - Deporte*	Total propios	Supermercados	Axencias de viaxes	Ocio - Deporte*	Total franquiciados

Andalucía	2			1	1			4	51	1		52	56
Andorra								0	4			4	4
Aragón		36		1		3	2	42	26			26	68
Asturias	1	11	1	2		4	7	26	2			2	28
Cantabria	1	8		1		5	5	20	9	3		12	32
Castela e León	1	21		1		7	11	41	13	1	1	15	56
Castela-A Mancha						2	0	2	7			7	9
Cataluña		210		2		1	1	214	88	1		89	303
Ceuta								0				0	0
Comunidade Valenciana							2	2	8			8	10
Extremadura						1		1	1			1	2
Galicia	6	144	17	3		4	2	176	121	4		125	301
Xibraltar								0	4			4	4
Illas Baleares		107		3				110	71			71	181
A Ríoxa	1	10		1		5	3	20	8			8	28
Madrid						2	1	3	20			20	23
Murcia							1	1				0	1
Navarra	2	53		4	1	13	6	79	36	4		39	119
País Vasco	22	159		19	9	59	26	294	108	10		119	412
Total	36	759	18	38	11	106	67	1.035	577	24	1	602	1.637

Tendas seguras certificadas

Desde o comezo da pandemia traballamos incansablemente para garantir a saúde e a seguridade de todas as persoas que establecen unha relación laboral ou comercial con EROSKI. Adoptamos todas as medidas necesarias para velar pola saúde e a seguridade tanto dos nosos clientes como do noso equipo humano.

EROSKI mantivo a certificación Clean Site de Bureau Veritas para os seus supermercados e hipermercados CAPRABO e EROSKI (ex-

cepto as tendas de VEGALSA-EROSKI), que garante que nos seus establecementos se implementan correctamente os protocolos de limpeza e desinfección, así como as medidas de seguridade adecuadas, tanto para o persoal interno como para os clientes, fronte á COVID-19. A avaliación realizada por Bureau Veritas analiza aspectos relativos á desinfección, seguridade e hixiene conforme á lexislación actual vixente derivada da pandemia e ás diversas recomendacións en materia preventiva das autoridades sanitarias autorizadas.


Modelo comercial "contigo"

102-2

O noso modelo comercial "contigo", aliñado ca nosa misión, persegue ofrecer aos nosos clientes produtos e servizos de calidade, de forma que traballamos para cumprir as súas expectativas e seguir crecendo en base ao impulso da saúde e a sustentabilidade.

Para iso, centrámonos no cumprimento dos nosos Compromisos pola Saúde e a Sustentabilidade, deseñando un modelo estratéxico que nos permite incorporalos no desenvolvemento das unidades de negocio así como á relación establecida cos nosos clientes e demais grupos de interese.

I Eixes estratéxicos do noso modelo comercial "contigo"




Atractivo comercial diferencial

En EROSKI, a través do noso modelo comercial "contigo", traballamos para ofrecer aos nosos clientes unha ampla gama de produtos, especializándonos en frescos e poñendo en valor o produto local. O noso obxectivo é ofrecer ao cliente un valor diferencial e una oferta inclusiva a través da calidade, dunha alimentación saudable, da resposta á diversidade de necesidades específicas e dunha maior posibilidade de elección coas citadas características. Para isto último, continuamos en 2021 un proxecto de densificación da nosa variedade, que permite incrementala un 15% con ao redor de 800 referencias máis na tenda. Isto aumenta a capacidade de dar maior cobertura a diferentes necesidades en tendas de menor tamaño.

Así mesmo, traballamos para ser a mellor opción establecendo prezos competitivos que nos permiten situarnos nunha po-

sición de fortaleza en relación á calidade e o prezo dos nosos produtos, facilitando desta forma as posibilidades de aforro dos nosos consumidores. Neste sentido, impulsamos campañas que repercuten nun aforro directo na compra dos nosos clientes, como, por exemplo, Regalámosche o IVE.

No negocio de axencias de viaxes, este 2021 avanzamos no noso compromiso cunha oferta diversa grazas á alianza comercial con Grupo Autocaravanas Norte, que nos permitirá mellorar os prezos, gamas e cobertura deste servizo a través da nosa rede de axencias de viaxe EROSKI, de EROSKI Club, e do Club CAPRABO en Cataluña.



Xerando valor a través das nosas marcas

As nosas marcas propias comprenden produtos distinguidos e referentes de calidade, así como dunha excelente relación de prezo. O noso principal obxectivo é ofrecer os mellores produtos aos nosos clientes, cumprindo coas súas expectativas e sorprendéndoos gratamente cando veñen aos nosos establecementos.

Para continuar ofrecendo produtos de calidade á vez que satisfacemos as demandas dos nosos clientes, incluímos novos produtos na nosa gama de marca propia e seguimos traballando para consolidar as nosas marcas de produtos ecolóxicos de alimentación EROSKI Bio e EROSKI Natur Bio e de droguería EROSKI Eco.

En 2021 incluímos en total 263 novas referencias de marca propia superando as 4.800. Destaca como fito do ano o cumprimento do compromiso de eliminación da graxa de palma en todos os produtos de marca propia.



Premios "Salute to Excellence Awards"

En 2021 logramos tres premios internacionais "Salute to Excellence" da PLMA en recoñecemento á innovación e a calidade dos nosos produtos de marca propia. O papel hixiénico EROSKI de rápida disolución, os espaguetes EROSKI BIO e o penso grain free EROSKI foron os produtos premiados.

I Produtos de marca propia

		2021	2020	Descrición
	EROSKI SeleQtia	219	226	O mellor do mellor. Produtos testados polo Basque Culinary Center.
	EROSKI	2.164	2.172	Ampla gama de produtos, todo o que necesitas, coa mellor relación calidade-prezo garantida.
	EROSKI Natur	430	457	Produtos frescos con todo o sabor, total trazabilidade e calidade controlada, das mellores orixes e no seu mellor momento.
	EROSKI Bio e EROSKI Eco	95	68	Nova marca lanzada en 2020 para produtos con certificación ecolóxica que garante que foron producidos nas mellores condicións de protección do medio ambiente.
	belle	424	437	Produtos de cosmética, hixiene e coidado persoal sen parabenos nin triclosán, dermatoloxicamente probado e ao mellor prezo.
	EROSKI Basic	214	227	Produto de consumo ordinario, para todos os días, con todas as garantías de calidade de EROSKI a prezo máis baixo.
	Visto Bueno	1.146	1.405	Roupa e calzado con deseños propios e a mellor relación calidade/prezo.
	Romester	79	151	Roupa e equipamento deportivo con deseños propios e a mellor relación calidade/prezo.
	Ecron	41	35	Aparatos electrónicos e electrodomésticos con diferentes niveis de funcionalidade e a mellor relación calidade/prezo.

Tendas de nova xeración

O modelo comercial "contigo" define a nosa nova xeración de tendas, transformando a nosa rede comercial co obxectivo de ofrecer a mellor experiencia nos nosos establecementos. Desde EROSKI queremos dar resposta ás demandas da sociedade enmarcadas nas novas tendencias de sustentabilidade e dixitalización. As tendas de nova xeración de EROSKI, que son máis do 80% dos centros da zona norte e Baleares e do 70% en CAPRABO, son máis ecoeficientes e implementan medidas de eficiencia enerxética que permiten reducir ata un 35% o seu consumo enerxético respecto a un supermercado convencional.

As nosas tendas de nova xeración impulsan solucións innovadoras e transformadoras mediante modelos multiformato e establecementos máis eficientes en que compaxinamos a autoxestión co trato persoal e próximo. Ademais, estas tendas de nova xeración dan gran protagonismo aos produtos locais e produtos frescos. Neste sentido, CAPRABO iniciou un proxecto piloto para ampliar nun milleiro a cantidade e variedade de produtos nas súas tendas de menos de 700 m² de Barcelona e Xirona. Ademais de ser un aceno de identidade de EROSKI, o impulso das tendas de nova xeración permítenos cumprir coas demandas da sociedade con maiores garantías.

Aperturas e transformacións

2021 estivo marcado pola recuperación, tras o parón producido polas consecuencias da COVID-19 e a necesaria adaptación dos nosos establecementos. Este exercicio foi un ano de reforzo da nosa presenza en rexións onde somos referentes con novas tendas propias e a inauguración de 65 franquías (63 novas aperturas e dous cambios de propias a franquías). Ademais, durante 2021 continuamos a transformación ao modelo comercial "contigo" en 114 tendas.

O supermercado co que CAPRABO iniciou a súa actividade en Cataluña en 1959 foi un dos espazos que se transformou para adoptar o modelo de nova xeración. A renovación desta tenda pioneira, no distrito de Sant Martí en Barcelona, supón a ampliación de espazos, o maior protagonismo ao produto fresco ecolóxico ou local e a integración de sistemas de iluminación mellorados que permiten un aforro de enerxía.

Ademais, xestionáronse 77 novas aperturas (14 tendas propias e 63 franquías), dentro do plan para fortalecer a nosa presenza nas rexións onde somos operador de referencia. Así mesmo, levamos a cabo 53 peches (32 tendas propias e 21 franquías) co obxectivo de adaptar a estrutura de negocio ás novas necesidades da contorna.

En EROSKI impulsamos o noso crecemento na zona norte coa apertura de tendas significativas como o noso primeiro hipermercado en cinco anos en Galicia; a tenda máis sustentable da súa rede, en Vitoria-Gasteiz; unha tenda emblema como a de Sitges en CAPRABO e aperturas que redobran a aposta por determinadas comarcas como Miranda de Ebro, Inca en Mallorca e a ampliación de Florian Rey en Zaragoza.

Así mesmo, mantivemos o ritmo de franquías de anos anteriores, crecendo nas nosas zonas de referencia, especialmente Cataluña e País Vasco.

2021 foi tamén un ano de consolidación para o formato RAPID de EROSKI, que dobrou o ritmo de aperturas. Actualmente, conta con 46 supermercados RAPID, vinte deles foron inauguradas o pasado ano o que supón un claro impulso a este formato de ultraproximidade. Trátase dun modelo comercial altamente competitivo, con pequenas tendas ao redor dos 150 metros cadrados e que destaca pola facilidade e rapidez de compra.



Fortalecemos a nosa posición omnicanal. EROSKI máis dixital

Este 2021 supuxo a consolidación da nosa estratexia omnicanal, que implica ofrecer aos nosos clientes unha experiencia única e diferencial con independencia da canle utilizada para a súa compra. Neste sentido, seguimos traballando para impulsar o posicionamento das nosas canles dixitais, que, xunto coas tendas físicas, ofrecen aos nosos clientes a comodidade de elección que máis se axuste ás súas necesidades, mellorando a experiencia de compra e derrubando as barreiras entre canles *online* e *offline*.

A canle mantivo o impulso e a tendencia á alza tras o forte incremento da actividade do negocio *online* durante 2020 pola situación de pandemia, na que EROSKI *Online* chegou mesmo a cuadruplicar as vendas habituais por esta canle. No pasado exercicio a evolución normalizouse, pero mantivo uns índices que duplican aos anteriores á aparición da COVID-19.

A nosa estratexia de dixitalización organízase a través da plataforma web e a App EROSKI. Ademais, ofrecemos distintas canles para diversificar esta oferta e adaptala ao cambio de usos e necesidades dos nosos clientes, con alternativas como o *Click&Drive*, *Click&Collect* ou os casilleiros intelixentes.

Supermercado online

O supermercado *online* facilita a interacción e proceso de compra dos clientes mediante opcións de entrega a domicilio, valoración de produtos, recollida en tenda ou casilleiros intelixentes, que permiten ao cliente recoller o pedido *online* no día de forma gratuíta.


En 2021 puxemos en marcha novos servizos como o seguimento da entrega de pedidos *online*, co obxectivo de reducir as esperas na entrega a domicilio, así como a ampliación da nosa proposta comercial en máis de 3.000 artigos de non alimentación, ofrecendo maiores posibilidades de elección ao cliente.

Así mesmo, contamos cun protocolo de entrega a domicilio baixo rigorosas medidas de prevención. Ademais, coa implantación dunha versión avanzada do protocolo TLS (Transport Layer Security), que garante que a información transmitida non poida ser interceptada nin modificada por elementos non autorizados, EROSKI *online* conseguiu a máxima cualificación de seguridade de Qualys (A+).

App EROSKI

A App EROSKI é unha das canles de relación máis importantes que temos cos nosos clientes xa que facilita moitas das accións que fan os nosos clientes no proceso de compra (desde a fase de consideración ata a postcompra). As súas funcionalidades máis destacadas e usadas polos nosos clientes son: vales aforro, ofertas personalizadas, tarxeta dixital, ticket dixital, lista da compra, consulta do saldo moedeiro.

Este último ano tivemos máis de 700.000 descargas da aplicación entre Android e iOS e o número de usuarios que usan mensualmente a app creceu un 154%.



Relación cos Socios Cliente

En EROSKI queremos promocionar e facilitar o acceso a uns hábitos de vida máis saudables e sostibles para os nosos clientes, desde a alimentación ata uns servizos que satisfagan as súas necesidades de forma máis responsable.

Así mesmo, ofrecemos aos nosos clientes a atención personalizada que merecen, así como programas de fidelización para que podan desfrutar das vantaxes que lles permitan

realizar compras máis axustadas as súas demandas.

Os clientes que optan porque EROSKI sexa a súa tenda habitual e, ademais, aproveitan todas as vantaxes que ofrecemos, chegan a aforrar máis de 600 euros ao ano nos nosos supermercados e hipermercados, que agora as familias poden incrementar nun 2% adicional grazas ao plan familias 0-12.

EROSKI Club

EROSKI Club é o noso programa de fidelización a través do cal os nosos socios poden conseguir ofertas exclusivas. EROSKI Club significa máis aforro e maior facilidade para os procesos de compra. Actualmente, contamos con máis de 6 millóns de titulares das tarxetas EROSKI, CAPRABO e FORUM SPORT, que xeran de media máis do 70% das vendas. En 2021 captamos máis de 200.000 novos socios.

- A tarxeta Ouro de EROSKI Club, que permite un aforro fixo e universal do 4% en todas as compras, conta xa con 155.218 Socios Clientes e 34 empresas que engloban 3.700 traballadores, xa son *Socios Ouro Empresa*.

- A tarxeta de pago EROSKI Club, que unifica todas as vantaxes do programa EROSKI Club, ademais de ofrecer a devolución do 1% do importe das compras pagadas fora de EROSKI, co ingreso dese diñeiro na tarxeta EROSKI Club asociada, conta xa con 306.700 titulares.

- Os nosos socios EROSKI Club reciben ademais información detallada enviada de maneira personalizada, así como ofertas especiais como o acordo de colaboración con Euskaltel alcanzado en 2021 que permite aos socios da tarxeta EROSKI Club que contraten con Euskaltel ou Virgin telco, o seu servizo de telecomunicacións xerar un aforro adicional correspondente ao 4% da súa factura mensual.

Atención personalizada e de calidade. Estamos contigo

A relación de confianza establecida co cliente é unha prioridade do modelo "contigo" e dos nosos 10 Compromisos pola Saúde e a Sustentabilidade.

Traballamos para satisfacer as necesidades dos nosos clientes no cumprimento das súas expectativas, así como axudarlles cando o necesiten. Queremos transmitir aos nosos clientes que estamos ao seu lado!

Desde EROSKI apostamos por unha proposta comercial centrada no consumidor e que prima a experiencia de compra. Este enfoque permitiu distinguírnos pola nosa especialización en relación cos produtos frescos, mellorando os nosos servizos de venda asistida en mostrador.

Neste sentido, a capacitación profesional das persoas e a formación permanente son os nosos pilares para afondar na diferenciación como especialistas en frescos.

Servizo de atención ao cliente

O noso servizo de atención ao cliente permítenos estar preto das persoas que confían en EROSKI. En 2021 atendemos a 550.093 persoas a través do noso servizo de atención ao cliente cun índice de resolución de reclamacións do 100%, resolvendo o 87,8% das mesmas no primeiro contacto. En EROSKI cumprimos co noso compromiso de responder a todas as dúbidas, suxerencias e reclamacións de forma inmediata e, se requirimos dalgunha xestión para iso, facémola nun prazo máximo de 24 horas.

O Servizo de Atención ao Cliente de EROSKI atende aos consumidores en castelán, euskera, catalán e galego, e está a disposición dos clientes por teléfono, por correo electrónico e tamén a través da páxina web www.eroski.es. Ademais, contamos con outras páxinas web para distintos negocios e sociedades do Grupo, así como coas nosas redes sociais.

Premio Sotto Tempo Advertising

Os consumidores participantes nos premios da consultora Sotto Tempo Advertising outorgáronnos por undécimo ano consecutivo o recoñecemento como a empresa de gran distribución con mellor servizo de atención ao cliente.

Escoita activa dos nosos clientes

Co obxectivo de ter en conta as inquietudes dos diferentes colectivos e seguir co noso compromiso de transparencia, mantemos canles adicionais de comunicación con todos eles. Así, en 2021 realizamos máis de 30 iniciativas de escoita activa que contaron coa participación de 152.000 persoas, entre clientes, consumidores e provedores, nas que recolleamos as súas opinións, suxestións e recomendacións para mellorar a nosa oferta comercial e as nosas tendas.

Ademais, en EROSKI contamos con 21 Comités Consuméristas que estruturan a participación dos seus Socios Cliente, quen debate, posiciónanse e definen directrices para a mellora das tendas de nova xeración.

Así mesmo, no 2021 en redes sociais xeramos máis de 3,3 millóns de intercambios cos usuarios e máis de 453,3 millóns de impresións.



Twitter
59.641
seguidores



Instagram
49.835
seguidores



Facebook
230.370
seguidores




LinkedIn
76.095
seguidores

Protección de datos

EROSKI é unha cooperativa de consumo e como tal, vela con especial interese polos dereitos dos seus clientes e sen dúbida un deles é o da protección de datos. Para iso, xestionámola como un Plan de Mellora Continua. En 2007 coincidindo coa aprobación do RLOPD (Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999) creouse o Sistema de Xestión de Protección de Datos, aplicando unha metodoloxía propia e vixiando o seu cumprimento desde o análise e a xestión do risco.

O noso Sistema de Protección de Datos aliñouse en 2018 cos novos requirimentos regulatorios e cumprimos con todos os regulamentos e normativas aplicables en materia de protección de datos dos clientes. A xestión lévase a cabo a través do Delegado de Protección de Datos (DPO) e o seu grupo de traballo, executándose dentro da Organización coa colaboración e cooperación da dirección, responsables de áreas e departamentos, administración de sistemas, usuarios dos sistemas, consultores e asesores externos.

Este plan de mellora continua vai estreitamente ligado ao principio de responsabilidade proactiva. En 2021, expuxemos unha serie de accións que permitirán, ao longo do seguinte curso, auditar o punto de venda, así mesmo iniciouse coa actualización de Rexistro de actividade do Tratamento e reestruturáronse o procedemento para o exercicio de dereitos, en xeral e a supresión de datos, en particular.



Cadea de valor eficiente e colaborativa

201-1; 203-2

O noso modelo de tenda "contigo" non só é unha estratexia reflexada nos nosos establecementos e nunha nova forma de relacionarse cos nosos clientes, senón que supón tamén unha aposta pola innovación integral e a optimización da cadea de valor.

Para lograr unha gama de produtos cada vez máis ampla, personalizada e cun maior aforro, contamos cunha cadea de valor aberta á marca de fabricante, á nosa marca propia, a outras marcas e á enorme diversidade de alimentos de produción local nas inmediacións de cada unha das nosas tendas. Ademais, seguimos mantendo as nosas alianzas comerciais para mellorar a nosa proposta aos consumidores e consumidoras en valor por prezo.

As claves da nosa mellora en competitividade comercial



Optimización

dos procesos de venda e subministración, alcanzando unha maior eficiencia en toda a cadea de valor.



Innovación

no marco de colaboración con empresas provedoras e organizacións referentes en alimentación.



Prezos

máis adecuados e competitivos gracias ás alianzas comerciais e a xestión de múltiples promocións e ofertas personalizadas.



Diversidade

do noso tecido produtivo agroalimentario impulsando aos pequenos produtores locais.




Responsabilidade

social e medioambiental como criterio para a selección das empresas provedoras.



Proveedor




- Proxectos I+D Novos Produtos
- Colaboración Trade – Márketing
- Negociación comercial
- Xestión Administrativa

Proveedor Partner

Estándares AECOC

EROSKI



- Adecuación continua de formatos comerciais
- Xestión por categorías, solucións ao cliente
- Alianzas | Centros de compras | Autoxestión de equipos en tenda
- Xestión administrativa

Socioas e Socioas cliente
Clientes/as



- Proveedor marca fabricante
- Proveedor local
- Proveedor marca propia

Creamos riqueza na nosa contorna

201-1; 203-2; 413-1

Nosa cadea de valor aberta permítenos reforzar a diversidade do tecido produtivo agroalimentario na nosa contorna para alcanzar un sector local sustentable e facilitar á nosa clientela unha ampla gama de produtos que apostan polo prezo e a calidade.

Esta forma de facer as cousas permite xerar riqueza directamente nos distintos actores da nosa cadea de valor:


- **Nos nosos clientes** a través de ofertas personalizadas, campañas e promocións.

- **Nas nosas empresas** proveedoras a través das compras pola nosa relación comercial e da nosa política de compras e aprovisionamento que busca impulsar un sector agroalimentario sostible.
- **Nos nosos traballadores**, a través das compensacións polo seu desempeño e outras aportacións.
- **No Estado**, a través das contribucións sociais, impostos, aportacións sobre ganancias e outros tributos.
- **Na sociedade**, a través das actividades con fines sociais do Grupo e a Fundación EROSKI e as accións para a protección medioambiental que desenvolvemos.

Riqueza distribuída por EROSKI aos nosos grupos de interese (millóns de euros)

Cientes


+ 347 millóns de euros transferidos a través das múltiples ofertas comerciais levadas a cabo durante o ano



100%
100% EROSKI Group

Empresas Proveedoras


3.701 Millóns de euros



11%
servizos

Traballadores e traballadoras

482 Millóns de euros



0.1%
Aportacións a plans de aportación definida

Estado

239 Millóns de euros



6%
Tributos

Medio ambiente

24 Millóns de euros




4%
Inversións destinadas a minimizar o impacto medioambiental e a protección e mellora do medio ambiente

Sociedade

13,5 Millóns de euros

destinados a fins sociais e á información dos consumidores e consumidoras



97%
Grupo EROSKI

Os nosos provedores

204-1

En EROSKI traballamos con máis de 9.800 empresas proveedoras comerciais e de servizos, cos que en 2021 realizamos transaccións económicas por un importe superior aos 3.700 millóns de euros. Isto tradúcese na comercialización de máis de 132.000 artigos diferentes no último exercicio.

As nosas empresas proveedoras son os nosos principais colaboradores e axúdannos a construír o noso enfoque e estratexia empresarial. Impulsamos a colaboración a través de 3

eixes que poñen o foco nas necesidades dos nosos clientes, a saúde e a eficiencia na loxística.

O noso compromiso co tecido produtivo nacional materialízase en que máis do 98% do gasto en empresas proveedoras corresponde a empresas situadas no territorio español. Ademais, tratamos de impulsar o consumo de proximidade, colaborando con empresas proveedoras locais e rexionais, que supoñen máis do 58% da nosa cadea de subministración comercial en España.

Provedores comerciais e de servizos por país (número)

Alemaña	30	Finlandia	1	Paquistán	2
Andorra	3	Francia	42	Polonia	1
Austria	1	Grecia	2	Portugal	46
Bangladesh	3	Holanda	17	Reino Unido	23
Bélxica	17	India	1	Singapur	1
Canadá	1	Indonesia	1	Suecia	3
China	38	Irlanda	16	Suiza	5
Croacia	1	Israel	2	Tailandia	2
Corea do Sur	1	Italia	14	Taiwan	1
Dinamarca	8	Luxemburgo	2	Turquia	1
EE.UU.	16	Noruega	5	Vietnam	2
España	9.493	Nova Zelandia	1		

Total provedores 9.803

AGECORE, a central de negociación europea

Nunha contorna altamente competitiva, onde os mercados de materias primas son globais e onde as grandes marcas líderes teñen escala mundial, en EROSKI reforzamos as nosas alianzas no mercado internacional. Son elementos determinantes que sustentan o noso posicionamento competitivo e que permiten ofrecer novas posibilidades de aforro ás persoas consumidoras.

A central AGECORE é a nosa central europea de compras, formada por EROSKI xunto a COLRUYT (Bélxica), CONAD (Italia) e COOP (Suíza). Constituímos empresas independentes que comparten unha visión estratéxica a longo prazo.

Responsabilidade social dos nosos provedores

201-1; 203-2; 413-1

Como parte imprescindible da nosa cadea de valor, entendemos todos os nosos compromisos en materia de sustentabilidade a aquelas empresas provedoras, esixindo a xestión responsable do seu persoal e potenciando aquelas empresas que implementan sistemas de xestión ambiental.

O seu obxectivo é poder ofrecer ás consumidoras e consumidores europeos unha gama de produtos máis ampla para unha maior liberdade de elección e uns mellores prezos, á vez que amplía as oportunidades de negocio para as nosas empresas provedoras.

Os principios fundamentais en materia laboral e de dereitos humanos que esiximos baséanse nos requisitos da Organización Internacional de Traballo e os Principios do Pacto Mundial de Nacións Unidas, ao que pertencemos desde 2002.

Principios fundamentais:	1.	2.	3.	4.
	Rexeitar e non practicar o traballo infantil.	Rexeitar e non practicar o traballo forzoso ou obrigatorio.	Proveer un ambiente de traballo seguro e saudable.	Respectar a liberdade de asociación e o dereito á negociación colectiva.
5.	6.	7.	8.	9.
Rexeitar e non practicar a discriminación por ningunha causa.	Rexeitar e non practicar o uso de castigos corporais, coacción mental ou física ou abusos verbais aos empregados.	Garantir o cumprimento legal sobre horas de traballo e días festivos.	Remunerar conforme á normativa legal de cada sector, garantindo que se cobren as necesidades básicas do persoal e algunha capacidade de gasto discrecional.	Implementar un sistema de xestión que asegure o cumprimento e a comunicación interna dos principios da norma.

O 100% das nosas empresas provedoras e franquizadas están sometidas a estas esixencias e condicionamos a nosa relación comercial con elas ao cumprimento pola súa parte dos dereitos humanos e laborais. Facemos un seguimento especial a aquelas empresas provedoras con maior risco, que son as pertencentes ao sector téxtil e de produtos de non alimentación localizadas en Asia. Igualmente, contamos cun regulamento interno que promove medidas para previr calquera tipo de actividade corrupta na xestión de empresas provedoras e contratadas.

Ademais, certificamos co módulo GRASP de responsabilidade social a todos os produtores de froita, hortaliza e acuicultura EROSKI Natur con selo GlobalG.A.P. Este estándar garante boas prácticas en materia de dereitos laborais e humanos, que se suman ás maiores esixencias de calidade e medio ambiente que xa dispoñían estes alimentos frescos de marca propia.

Comercio xusto

En EROSKI fomos a primeira empresa de distribución en España en incorporar produtos de comercio xusto na nosa oferta comercial e somos recoñecidos por Fairtrade International como operador lexitimado para a importación e a distribución destes produtos ca súa propia marca comercial. A gama de produtos de comercio xusto que comercializamos está composta por café, cacao, té e azucre, ademais de distintos produtos téxtiles certificados. Este selo garante o cumprimento dos criterios sociais, económicos e ambientais do comercio xusto.

Loxística eficiente

A nosa rede loxística está composta por 22 plataformas propias, aínda que para a subministración a todos os establecementos do Grupo os nosos camións transitan por un total de 33 plataformas loxísticas, incluíndo outras que pertencen a empresas externas. En total, supoñen máis de 337.000 m2 de superficie de almacén, desde onde distribuímos ata un millón de caixas diariamente.

En 2021 continuamos cun proxecto global que busca un redeseño do mapa de plataformas de produtos frescos poñendo o foco na modernización e a mellora da eficiencia da nosa cadea de valor. A estratexia principal das novas instalacións é a súa renovación física implantando tecnoloxía punteira que permita un tratamento óptimo de cada tipo de produto fresco, garantindo as condicións óptimas de temperatura, manipulación e almacenamento. Ademais, buscamos ter maior capacidade de crecemento e reducir os tempos que transcorren entre a orixe e os nosos clientes. Desta maneira, consolidamos a especialización e compromiso que temos como parte do noso modelo "contigo" para ofrecer produtos frescos da maior calidade xunto á máis ampla gama de produtos locais.

Estas novas instalacións modernas e eficientes permítenos ademais estar preparados para poder atender posibles demandas futuras dos clientes (aperturas, crecementos de gama, comercio online, máis produto local, etc.). Á modernización da loxística para produtos perecedoiros súmanse instalacións máis respectuosas co medio ambiente, a actualización da tecnoloxía con cámaras frigoríficas máis eficientes e o incremento do confort e seguridade laboral do equipo humano que traballa na plataforma. Os inmobles están construídos baixo estritos estándares de ecoeficiencia e de sustentabilidade.

Unha das pedras angulares na que se sustenta a transformación da rede loxística é a inauguración en 2021 dunha nova plataforma de distribución de frescos punteira en sustentabilidade. A planta de máis de 17.600 m2 en Júndiz, Vitoria-Gasteiz, contou cun investimento de 20 millóns de euros. Esta nova central de distribución conta cuns 150 traballadores que permiten abastecer a máis de 300 das nosas tendas en País Vasco e substituíu a dúas instalacións de frescos de menor tamaño que xestionabamos no País Vasco (Bekolarra e Júndiz).

Ademais, co obxectivo de mellorar as condicións de traballo e a eficiencia das plataformas, EROSKI automatizou as instalacións de Sigüeiro (A Coruña), que se suman ás plataformas de produto seco xa automatizadas de Elorrio (Bizkaia) e Abrera (Barcelona), así como aos procesos de preparación dos pedidos de froita e verdura nas plataformas de Madrid, Zaragoza e Mallorca.

Así mesmo, no pasado exercicio finalizáronse as obras de construción da nova plataforma de frescos de VEGALSA-EROSKI que se suma ás súas instalacións no polígono industrial de Sigüeiro. Estas instalacións son máis respectuosas co medio ambiente e optaron por un sistema de refrixeración por CO2 transcrito como substituto ao freón, xa que, o CO2 como refrixerante natural non afecta á capa de ozono. Tras a súa posta en marcha, prevista para o segundo trimestre de 2022, a compañía dispoñerá da infraestrutura loxística máis grande do sector da alimentación en Galicia, con 51.000 m².

Finalmente, a reestruturación da plataforma de Amorebieta busca o incremento da polivalencia e rendibilidade dos espazos, eficiencia operacional, enerxética e mellora social.



I Mapa de principais plataformas loxísticas que usa o grupo EROSKI



Novas plataformas ecoeficientes certificadas

As novas aperturas de centros loxísticos de Grupo EROSKI obtiveron a certificación ambiental LEED Gold, un recoñecemento internacional reservado aos edificios líderes en eficiencia enerxética. Os criterios de construción LEED Gold inclúen aforro no consumo de auga, produción de enerxía fotovoltaica e xeración de auga quente sanitaria. Tamén sistemas de monitoraxe de consumos, refrixerantes ecolóxicos, xardíns

con especies autóctonas e reciclaxe dos materiais usados na súa construción, entre outras medidas. Contan con esta certificación o centro loxístico de CAPRABO na ZAL Port do Prat de Llobregat, que alberga a xestión de todo o produto fresco, a plataforma de capraboacasa e a nova sede central, inaugurado en 2020, e a plataforma Jundiz Berria, inaugurada en 2021 en Vitoria.

Loxística sostible

En 2020, logramos a primeira estrela Lean&Green por parte da Asociación de Fabricantes e Distribuidores (AECOC) grazas a completar o noso plan de acción para reducir as emisións de CO2 das nosas actividades loxísticas en polo menos o 20% en 5 anos. Conseguimos unha redu-

ción superior ao 25% respecto a 2015 en só catro anos. Tras ese logro, propuxémonos verificar en 2022 o 30% de redución en emisións de gases de efecto invernadoiro de 2021 respecto a 2015 e, por tanto, recibir a segunda estrela Lean&Green.

Para alcanzar este novo obxectivo de redución do 10% adicional respecto ao primeiro plan de acción, desenvolvemos as seguintes iniciativas:

Aprovisionamento máis eficiente

- Reorganización da loxística coa apertura das novas plataformas de ZAL e Jundiz Berria unha nova distribución de frescos en VEGALSA-EROSKI en 2022.
- Mellora nos procesos de eficiencia para un maior incremento de enchido de camiós e redución de quilómetros.
- Colaboración con provedores para optimizar as rutas.

Vehículos e conducción menos contaminantes

- Renovación dos vehículos da flota, eliminando progresivamente os camiós máis antigos.
- Incorporación de vehículos eléctricos.
- Incorporación de vehículos con combustibles alternativos como o gas natural licuado e comprimido.
- Formación en técnicas de conducción ecolóxicas dos condutores da rede de transporte por estrada.

Plataformas máis sostibles

- Compra de enerxía verde.
- Uso de iluminación LED, detectores de presenza, robots de temperatura e aproveitamento da luz natural para mellorar a eficiencia enerxética das plataformas.
- Instalación de paneis solares para un aprovisionamento de electricidade cun menor impacto ambiental.
- Redución da cantidade de materiais de embalaxe utilizados.

Loxística inversa

- Xestión e valorización dos residuos xerados nas tendas usando para iso os mesmos camiós que retornan á plataforma, reducindo así o seu impacto en transporte. Esta medida enmárcase ademais dentro do noso obxectivo de desperdicio cero xa que permite a recollida e tratamento de todos os subprodutos orgánicos e inorgánicos para o seu correcto reciclado.

Optimización da loxística urbana

- Seguimos traballando a optimización da loxística Urbana. Traballouse en conxunto con varios concellos para acordar protocolos de descarga e validar autorizacións que melloren a mobilidade e os impactos no medio urbano.

En relación coa contaminación por ruído, incorporamos ao Modelo de distribución nocturna con camiós ecoeficientes nas zonas de Madrid, Mallorca e Caprabo. Estes vehículos ademais de reducir as emisións de CO2 e outras partículas, reducen os niveis de emisión sonora. Doutra banda, nas zonas de Zaragoza e Gran Bilbao incorporamos axudantes nas descargas para facilitalas e realizalas dunha forma máis áxil.

Os niveis de emisión sonora durante o período nocturno son máis restritivos que durante o horario diúrno. Para garantir estes niveis durante as operacións de carga e descarga, o modelo de distribución contempla unha serie de medidas adoptadas en distintas áreas. Por unha banda, en relación co local, prevese a súa adecuación para a operativa exposta: sistemas de peche, alarmas sectorizadas, illamento acústico, etc. Igualmente, tense en conta o equipamento necesario como carretilas, traspaletas silenciosas ou salva bordos. Doutra banda, fórmase e infórmase ao persoal implicado na operativa dos protocolos de traballo silenciosos que se deseñaron, diferenciando os protocolos para cada posto de traballo: persoal diúrno de tenda, persoal auxiliar nocturno e repartidores. Por último, co obxecto de corrixir desviacións, incorpóranse procesos de auditoría internos para detectalas e comprobar o cumprimento dos protocolos de traballo establecidos nos puntos de venda operativos. Moitas destas medidas trabállanse en colaboración cos concellos para garantir a súa idoneidade.

Co transporte de última milla, incorporamos un sistema de optimización de rutas para ser máis eficientes e sostibles.

Innovación para adaptarnos ás novas tendencias do sector

Durante o 2021 vimos como se consolidaban as tendencias que a pandemia acelerou en 2020. Por este motivo, en EROSKI adaptámonos ás tendencias identificadas no sector e témolas en conta nas nosas decisións estratéxicas, así como no noso posicionamento e nas actuacións diarias e de resposta aos nosos grupos de interese.

- **Dixitalización dos servizos.** Avance co crecemento orgánico, pero maior impulso pola COVID-19. Traballamos para ofrecer servizos con menos contacto físico e incremento da venda *online*.
- **Relevancia da accesibilidade e adaptación para o colectivo sénior.** Esta tendencia viuse impulsada en 2021 ante as demandas do colectivo fronte a outros sectores.
- **Impacto social** e un maior papel no desenvolvemento das comunidades locais.
- **Cadeas de subministración** máis fortalecidas, seguras, áxiles e adaptables a cambios repentinos na demanda ou ante rupturas de *stock*.
- **Promocións e estratexias de prezo.** O cliente non é alleo ás subidas dos prezos en determinados produtos e responde a promocións e estratexias de axuste calidade-prezo.
- **Aumento do consumo no fogar** debido á baixada do consumo na cantle HORECA. Isto conleva adaptacións puntuais da gama nos lineais e xera incerteza de canto tempo se debe manter.
- **Maior preferencia de consumidores cara a produtos frescos e locais,** fixándose tamén máis en temas relacionados cunha alimentación máis saudable e sostible.
- **Hábito de compra de proximidade,** con menos desprazamentos.

Desde EROSKI respondemos a estas demandas co noso modelo de innovación EKINN, que puxemos en marcha en 2019. Trátase dun conxunto de metodoloxías, ferramentas e dinámicas en clave de innovación integradas na organización para impulsar a evolución do seu posicionamento diferencial. En EROSKI apostamos ademais pola innovación aberta como un dos principais motores de cambio da organización e a colaboración con startups, centros tecnológicos, universidades, provedores e clientes é eixe fundamental da nosa forma de facer. En 2021 EROSKI destinou máis de 7,5 millóns de euros a proxectos de innovación e desenvolvemento, participado en máis de 16 iniciativas de innovación en colaboración, cinco delas en proxectos colaboración europeos con máis de 130 empresas, centros tecnológicos, universidades e startups.



Proxectos de innovación destacados en 2021

Dixitalización dos servizos

- **Scanner App.** Incorporación de ferramentas de deseño e prototipado avanzado para visualizar da información sobre os alimentos na APP de EROSKI.
- **Figital.** Uso de recoñecemento automático de voz (con tecnoloxía de analítica avanzada) orientado ao servizo de atención ao cliente.
- **Artificial Intelligence Talentum.** Desenvolvemento dunha aplicación móbil baseada na Intelixencia Artificial que permita abordar diferentes ámbitos do sistema alimentario. A iniciativa, promovida por EIT Food, está liderada polo laboratorio español de innovación e desenvolvemento Artificial Intelligence Talentum (AI Talentum) e, ademais de EROSKI, conta coa colaboración de ART21 (Lituania), empresa dedicada á innovación nos sectores da agricultura e a alimentación.
- **Innovación aberta.** En 2021 afondamos especialmente en maximizar as oportunidades xeradas da colaboración de EROSKI con contornas de emprendemento innovador e *start-ups*.

Eficiencia da cadea de valor

- **Tenda Lab Eficiencia.** Tenda laboratorio para idear solucións áxiles aos retos de eficiencia no punto de venda.
- **Industrialización e Escalado dos procesos de Punto de Venda.** Despregamento de forma rápida e áxil dos cambios nos procesos en toda a rede de tendas.

Adaptación da oferta comercial

- **Célula de Innovación de Variedade.** Desenvolvemento da nova variedade que faga de EROSKI unha marca recoñecida pola súa oferta innovadora.
- **Novos imáns.** Renovación e reavaliación das categorías que se consideran imáns na política comercial.

Desenvolvemento da contorna e sustentabilidade

- **FUSILLI.** Proxecto Horizon 2020 para impulsar a transformación dos sistemas alimentarios urbanos a través da implementación de *living labs* de innovación (bancos de probas reais).
- **FoodRUs.** Proxecto Horizon 2020 para reducir o desperdicio e a perda na cadea agroalimentaria a través dun innovador sistema colaborativo circular.
- **SISTERS.** Proxecto Green Deal para mellorar a sustentabilidade dos envases utilizados para preservar alimentos e reducir os seus impactos negativos.
- **ZeroWaste.** Proxecto Green Deal para implementar nove Systemic Innovation Living Labs (SILLs) na cadea de valor para conseguir unha sustentabilidade ambiental e económica a longo prazo.



Participación en alianzas e asociacións

102-13

En EROSKI cremos na colaboración con todos os axentes sociais para avanzar xuntos nos nosos compromisos e chegar valor conxunto aos nosos grupos de interese. Con este obxectivo, participamos activamente en alianzas e asocia-

cións, promovendo unha implicación de longo prazo e un compromiso coa colaboración. Estas son as principais asociacións ás que pertencemos desde o grupo EROSKI

Como cooperativa e asociación de consumidores

- Grupo cooperativo MONDRAGON.
- Confederación de Cooperativas de Euskadi (KONFEKOOP).
- Confederación de Cooperativas de Euskadi (KONFEKOOP). Como membros de KOONFEKOOP ademais pertencemos
 - Elkar-lan S.Coop. – Sociedade para a promoción de cooperativas
 - Instituto Vasco de Consumo (Kontsumobide)
 - Consello Superior de Cooperativas de Euskadi (CSCE-EKGK)
- Work Lan (Asociación sen ánimo de lucro para o fomento de empresas da economía social).
- Confederación Española de Cooperativas de Consumidores e Usuarios (HISPACOOP). Como membros de HISPACOOP ademais pertencemos a:
 - Confederación Empresarial Española de Economía Social (CEPES), onde tamén estamos representados como parte do Grupo Mondragon.
 - Consello Económico e Social de España (CES).
 - Consello de Consumidores e Usuarios.
 - Consello Consultivo da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN).
 - European Community of Consumer Cooperatives (Euro Coop).



Ámbito empresarial

- Agrupación Balear del Comercio (ABACO).
- Asociación de Cadeas Españolas de Supermercados (ACES).
- Asociación de Comercios de Alimentación das Illas Baleares (ACAIB).
- Asociación de Directivos de Comunicación (Dircom).
- Asociación de Empresarios AGRELA.
- Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón – Arteixo.
- Asociación de Empresas Vascas poa Sustentabilidade (IZAITE).
- Asociación Empresarial de l'Hospitalet e Baix Llobregat (AE-BALL).
- Asociación Empresarios Hostalaría A Coruña.
- Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC).
- Asociación Española de Directivos de Sustentabilidade (DIRSE).
- Asociación Española de Grandes Empresas de Distribución (ANGED).
- Asociación para o Progreso da Dirección (APD).
- Asociación Polígono do Ceao (Lugo).
- Basque Ecodesign Center (BEC).
- Bermeo Tuna World Capital.
- Cámara de Comercio de Álava.
- Cámara de Comercio de Bilbao.
- Cámara de Comercio de Mallorca.
- Centro de Investigación LEARTIKER.
- Círculo de Economía de Barcelona.
- Club financeiro da Coruña (Club Financeiro Atlántico).
- Club financeiro de Vigo (Círculo de Empresarios de Galicia).
- Cluster agroalimentario de Navarra
- Cluster agroalimentario del País Vasco.
- Cluster Alimentario de Galicia.
- Cluster Saúde de Galicia (CSG).
- Comisión de Comercio da Cámara de España (en representación de Mondragon)
- Comité regional de Agricultura Familiar de Euskadi
- Confederación Balear de Comercio (CBC).
- Confederación de Asociacións de Empresarios de Baleares (CAEB).
- Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal.
- Confederación de Empresarios de Navarra (CEN).
- Confederación de Empresarios de Ourense (CEO).
- Confederación Empresarios Coruña (CEC).
- Confederación Empresarios Galicia (CEG).
- Consello asesor de SODENA
- ECOEMBES.
- ESADE (Universidade Ramon Llull).
- Escodi (Universidade de Barcelona).
- Federación Asturiana de Empresarios (FADE).
- Federación Patronal De Empresarios De Comercio De Baleares (AFEDECO).
- Foment del Treball Nacional.
- Asociación empresarial de comerciantes de Menorca (ASCOME).
- Fundación Abadía de Montserrat.
- Fundación AZTI.
- Fundación Basque Culinary Center.
- Fundación Impulsa Balears.
- Fundación TEIZE.
- IESE (Universidade de Navarra).
- Rede Española do Pacto Mundial.
- Retail Forum for Sustainability.
- Sociedade Económica Barcelonesa de Amigos do País (SEBAP).
- Sport Cultura Barcelona.
- 5 ao día.

3

Compromiso
cos nosos
profesionais





Cultura de compromiso

102-8

A pesar da paulatina volta á normalidade tras a situación excepcional que a pandemia ocasionou en 2020, este ano seguiu marcado pola crise sociosanitaria. Ante esta situación, todas as persoas que formamos EROSKI seguimos demostrando un alto nivel de entrega e superación para asegurar as mellores condicións de abastecemento e servizo para os nosos clientes.

A nosa cultura cooperativa e o compromiso dos nosos profesionais permitiron superar os retos e, ademais, seguir crecendo e avanzando nos nosos compromisos coa saúde e a sustentabilidade.

Esta cultura está marcada polos 10 valores esenciais do noso traballo na cooperativa:

1. Fomentamos a participación.
2. Promovemos o desenvolvemento persoal e profesional a través da mellora dos coñecementos, aptitudes e habilidades.
3. Sentimento de pertenza: estamos orgullosos de pertencer a EROSKI e buscamos as áreas de mellora.
4. Impulsamos a información e a comunicación de maneira bidireccional dentro da organización.
5. Grazas á solidariedade interna, primamos o colectivo sobre o individual e o longo sobre o curto prazo.
6. Dinamismo para adaptarse ao cambio e promover a innovación.
7. Orientados ao cliente para adaptarnos e anticiparnos as súas necesidades.
8. Melloramos continuamente as condicións do traballo para garantir unha calidade de vida adecuada.
9. Solidariedade externa para devolver á sociedade o que nos achega.
10. Os traballadores e traballadoras aspiramos ao máximo nivel de profesionalización.

Emprego de calidade

102-7; 102-8; 102-41; 401-1

Para EROSKI, a responsabilidade social é un valor compartido por toda a organización cuxa xestión se sitúa en directa dependencia da Presidencia. Nos nosos Estatutos Sociais, no Regulamento de Réxime Interno Cooperativo e no Manual de Xestión Ética recóllense os nosos compromisos en materia laboral, tanto para os nosos traballadores e traballadoras propias como de subcontratas e provedores.

A xestión de persoas na nosa organización caracterízase pola particularidade de que somos traballadores e traballadoras, pero tamén propietarios e propietarias: 9.058 persoas do persoal de EROSKI somos Socias e Socios Traballadores (o 32% do total), o que nos fai participantes na xestión cooperativa da empresa.


Esta condición tradúcese nun elemento diferencial do Grupo EROSKI fronte a outras empresas de distribución: unha actitude proactiva e un elevado nivel de compromiso co proxecto, que se reflicte no desempeño en todos os niveis da organización.

O emprego que creamos segue o noso modelo de xestión e o noso compromiso co persoal, coa clientela e coa propia sociedade, e por iso esforzámonos para que sexa estable e de calidade. Así, hai que destacar que máis do 78% do emprego creado por EROSKI en 2021 foi de carácter fixo. O 100% das 19.295 persoas traballadoras que non son socios cooperativistas, que supoñen o 68% do persoal total, están cubertos por un convenio colectivo.


En EROSKI baseamos a xestión do noso equipo humano na responsabilidade compartida e en crear unha contorna de traballo aberto e diverso onde as persoas poidan desenvolver o seu potencial e conciliar a súa vida laboral e persoal. Os eixes da nosa xestión son:

- Solidariedade retributiva
- Igualdade e non discriminación
- Conciliación
- Saúde e seguridade no traballo
- Desenvolvemento profesional
- Inserción laboral e innovación social


I Persoas traballadoras por xénero (número e porcentaxe)




II Número de persoas traballadoras por tipo de contrato e comunidade autónoma




Número de persoas traballadoras por tipo de contrato, xénero, franxas de idade e categoría profesional



Número de persoas traballadoras por tipo de xornada segundo xénero, franxa de idade e categoría profesional




Personal temporal por substitucións



Media anual de persoas traballadoras por tipo de contrato, xénero e clasificación profesional




Por sexo



Por clasificación profesional

Directivo/a	74	0,3%
Xestor/a	295	1,4%
Mando	1.139	5,2%
Profesional	16.454	75,8%
Responsable	2.724	12,5%
Técnico/a	1.035	4,8%

Por sexo




Por clasificación profesional

Directivo/a	1	0%
Xestor/a	1	0%
Mando	16	0,2%
Profesional	6.984	98,0%
Responsable	65	0,9%
Técnico/a	63	0,9%

Media anual de persoas traballadoras por tipo de xornada, xénero e clasificación profesional



Por sexo



Por clasificación profesional

Directivo/a	74	0,4%
Xestor/a	293	1,6%
Mando	1.119	6,0%
Profesional	13.665	73,2%
Responsable	2.538	13,6%
Técnico/a	978	5,2%


Por sexo




Por clasificación profesional

Directivo/a	1	0%
Xestor/a	3	0%
Mando	36	0,4%
Profesional	9.773	96,0%
Responsable	251	2,5%
Técnico/a	120	1,2%


I Número e índice de contratacións segundo xénero e franxa de idade




I Número e índice de rotacións (saída voluntaria, despedimento, xubilación ou falecemento) segundo xénero e franxa de idade



I Número de contratacións por comunidade autónoma



I Rotacións por comunidade autónoma (número)



I Número de despedimentos segundo xénero, franxa de idade e categoría profesional

Por sexo



Por idade

< 30	42	9,9%
30 - 50	265	62,2%
> 50	119	27,9%

Por clasificación profesional

Directivo/a	0	0,0%
Xestor/a	7	1,6%
Mando	26	6,1%
Profesional	318	74,7%
Responsable	57	13,4%
Técnico/a	18	4,2%

Solidariedade retributiva

102-35; 102-36; 102-37; 102-38; 102-39; 202-1; 405-2

Aplicamos o principio de solidariedade retributiva en toda a organización en concordancia cos nosos valores e aliñando a nosa cultura corporativa coa nosa forma de actuar día a día. Isto, a nivel interno, tradúcese nunha estreita pinza salarial entre os postos con menor responsabilidade e os de alta dirección: en concreto, en EROSKI S. Coop, o abanico salarial en 2021 foi de 8,38. Desta forma, a relación entre a compensación total que recibe a persoa con maior retribución e a mediana da compensación do resto do persoal na cooperativa é de 6,49. Esta cociente difire considerablemente das empresas do IBEX 35, onde, segundo datos de 2019, as primeiras persoas executivas perciben de media 118 veces máis retribución que o salario medio do resto do persoal.

O Comité de Valoración, nomeado polo Consello de Dirección e o Consello Social, é o encargado de definir o nivel retributivo na cooperativa, unha vez valoradas as tarefas que deben realizarse e as capacidades e competencias requiridas para cada posto de traballo. Pola súa banda, a Comisión de Nomeamentos e Retribucións é a que propón ao Consello Reitor a política retributiva da alta dirección.

A retribución en EROSKI é pública, igualitaria entre homes e mulleres, e depende do posto e non doutros factores como a antigüidade ou a negociación individual. Ademais, para permitir a captación e a retención dos recursos humanos necesarios, aplícase o principio de competitividade externa, adecuando a retribución aos niveis máis xeneralizados nas empresas do sector. Así, no caso do convenio de supermercados, o salario base mínimo é un 4,6% superior ao salario mínimo interprofesional en España.

A nivel externo, a solidariedade retributiva implica que a remuneración do Consello de Dirección é entre un 65% e un 75% inferior respecto ao valor do mercado. Así, durante 2021, a remuneración total comparable co mercado do presidente e os membros do Consello de Dirección foi, en conxunto, de 1.117.921 euros. Isto difire enormemente da realidade das empresas do IBEX 35, nas que a retribución media por conselleiro é máis de 6 veces o que percibe de media unha persoa do Consello de Dirección de EROSKI. Así mesmo, os membros do Consello Reitor, o noso órgano superior de goberno, non perciben retribución fixa ou variable algunha por este labor (excepto os custos de desprazamentos ás reunións do devandito órgano)

	EROSKI, S. Coop.	Resto de sociedades
Abanico salarial	8,38	8,22
Cociente da compensación total anual da persoa mellor paga da organización fronte á mediana da compensación total anual do resto de empregados	6,49	6,84
Incremento porcentual entre 2020 e 2021 da compensación total anual	Entre un 0,42% y 1,02% (ademais diminuíronse 61 horas de calendario anual)	1%
Cociente do incremento da compensación total anual da persoa mellor paga da organización fronte á mediana do incremento da compensación total anual do resto de empregados	0,99	1
Cociente entre a retribución media dos membros do Consello de Dirección e directivos e o resto de empregados	3,48	4,41
Cociente entre o salario base e o salario mínimo interprofesional	+28,1%	+4,6%
Brecha salarial ponderada segundo o peso de cada categoría profesional no total de traballadores	7,3%	6,5%

A retribución de referencia por categoría profesional na cooperativa é igualitaria entre homes e mulleres. A brecha salarial débese á distribución dispar de mulleres e homes nos distintos niveis de responsabilidade dentro da mesma categoría profesional, e á evolución histórica dos

índices retributivos. Espérase que progresivamente a brecha diminúa, grazas á renovación natural dos traballadores e traballadoras dentro da cooperativa e á maior presenza de mulleres en postos de maior responsabilidade dentro da mesma categoría profesional.

I Remuneración media por xénero do Consello de Dirección



I Remuneración media por xénero e categoría profesional

Categoría profesional	EROSKI, S. Coop.			Resto de sociedades		
	Mulleres	Homes	Brecha Salarial	Mulleres	Homes	Brecha Salarial
Directivo/a	74.562 €	74.747 €	0,2%	66.107 €	84.265 €	27,5%
Xestor/a	47.425 €	49.461 €	4,3%	56.365 €	58.816 €	4,3%
Mando	34.542 €	34.451 €	-0,3%	29.486 €	33.870 €	14,9%
Profesional	18.488 €	20.155 €	9,0%	16.480 €	17.206 €	4,4%
Responsable	25.261 €	25.856 €	2,4%	19.834 €	22.529 €	13,6%
Técnico/a	33.459 €	34.032 €	1,7%	28.942 €	31.649 €	9,4%

I Remuneración media por xénero e franxa de idade

Franxa de idade	EROSKI, S. Coop.			Resto de sociedades		
	Mulleres	Homes	Brecha Salarial	Mulleres	Homes	Brecha Salarial
<30	18.753 €	19.058 €	1,6%	15.271 €	15.757 €	3,2%
30-50	21.210 €	26.431 €	24,6%	17.795 €	20.378 €	14,5%
>50	21.543 €	30.760 €	42,8%	18.413 €	25.024 €	35,9%

I Brecha salarial por comunidade autónoma ponderada segundo o peso de cada categoría profesional no total de traballadores

Comunidade autónoma	EROSKI, S. Coop.	Resto de sociedades
Aragón	-	5,3%
Baleares	-	6,1%
Cataluña	-	3,3%
Galicia	-	9,0%
Navarra	-2,2%	-
País Vasco	5,8%	-

Todos os datos retributivos están calculados co 100% de xornada laboral. Móstranse os resultados por comunidade autónoma unicamente para as zonas prioritarias xa que a mostra de traballadores no resto de rexións é demasiado pequena para obter resultados da brecha salarial.

Igualdade e diversidade

405-1

Acabar coas desigualdades supón un proceso de cambio directamente relacionado coa nosa cultura cooperativa e igualitaria. Neste sentido, EROSKI réxese polo principio de non discriminación xa previsto nos seus estatutos fundacionais en relación co xénero, a raza, a orientación sexual, as crenzas relixiosas, as opinións políticas, a nacionalidade, a orixe social, a discapacidade ou calquera outra característica que puidese orixinala.

Desenvolvemos un concepto de igualdade amplo integrado na estratexia EROSKI "contigo", cuxos piares son:

- Todas as persoas coas mesmas oportunidades.
- Todas as persoas coas mesmas responsabilidades.
- A cultura de empresa e o seu impacto na igualdade.
- O desenvolvemento da saúde e o benestar como eixe estratéxico integrado no concepto de igualdade.

Neste contexto, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un principio básico e estratéxico da xestión da organización e intégrámola no noso día a día.

Para iso, contamos desde 2005 cunha Comisión para a Igualdade, responsable da realización e a actualización periódica do Diagnóstico e o Plan para a Igualdade de Mulleres e Homes de EROSKI, e co Observatorio de Igualdade, unha ferramenta para velar polo cumprimento deste principio en toda a organización.

Representantes das persoas socias de traballo da cooperativa compoñen esta comisión, que se renovou en 2021 e que conta con seis áreas de traballo: uso da linguaxe, eliminación de barreiras físicas e de saúde, eliminación de barreiras sociais, desenvolvemento persoal e profesional e conciliación da vida persoal e profesional.

Ademais, contamos cunha canle de denuncia e, desde 2015, cun protocolo contra o acoso sexual no traballo que ofrece dun servizo de asesoría confidencial para evitar posibles casos e canalizar calquera incidencia.

Ademais, EROSKI é unha organización comprometida na loita contra calquera manifestación de violencia cara ás mulleres. Na cooperativa contamos cun protocolo propio de violencia de xénero, polo que nos comprometemos a protexer ás socias traballadoras vítimas de violencia de xénero por encima do que establece a lei.

No ano 2021, ademais das actuacións de acompañamento, axudas económicas e facilidades laborais que xa ofreciamos, engadimos máis coberturas económicas para as traballadoras e os seus fillos e fillas. En concreto tomáronse as seguintes medidas:

- Unha cobertura económica específica para aquelas socias vítimas de violencia de xénero que decidan suspender ou extinguir a súa relación societaria coa cooperativa.
- A consideración de orfandade absoluta aos fillos e fillas da socia en caso de falecemento desta por violencia de xénero.
- Incorporación de limitacións de prestacións para a persoa condenada por causar lesións ou a morte dunha socia, a cal non pode ser beneficiaria nin perceptora de prestacións como auxilio a discapacitados, asistencia sanitaria, auxilio por defunción, entre outras.

Ademais, en 2021 continuamos realizando un seguimento periódico de revisión do Plan de Igualdade, que inclúe os seguintes piares e accións destacadas este ano:

- **Campaña solidaria** través do programa de doazón Céntimos Solidarios en marzo a favor das mulleres e infancia vítimas da violencia de xénero. Recádáronse máis de 193.000 euros a favor da Fundación Ana Bela, a Fundación Mulleres co seu Fondo de Bolsas Soledad Cazorla, Cruz Vermella e a Fundación Surt.
- **Campañas de sensibilización** o 8 de marzo, o Día Internacional do Orgullo LGTBI, o Día da Violencia de Xénero e o Día Mundial da Loita contra a Sida.
- **CÓMPLICES** dialoga sobre dicir "non" ao establecido no encontro anual organizado polo Programa para a Igualdade de Grupo EROSKI, este ano en Donostia-San Sebastián. Os seus protagonistas foron o reporteiro de guerra Antonio Pampliega, a guitarrista e compositora flamenca Antonia Jiménez e a humorista Patricia Sornosa.
- **Mulleres que Contan** é un programa de EROSKI para divulgar historias reais de mulleres que contribúen a avanzar na saúde e a sustentabilidade dos nosos produtos e a sociedade, cuxos vídeos están dispoñibles na web.

Como mostra do noso compromiso pola igualdade, cabe destacar que o 77% do noso persoal son mulleres, e son elas as que ocupan o 74% dos postos de responsabilidade en 2021, porcentaxe moi superior á media do sector.


Así mesmo, a presenza de mulleres é tamén maioritaria nos órganos de goberno corporativo. En 2018 alcanzouse a paridade no máximo órgano de goberno de EROSKI, S. Coop., o Consello Reitor. Desde 2021 a Directora Xeral de EROSKI é unha muller, Rosa Carabel, que foi destacada polo Grupo Prensa Ibérica como unha das 20 directivas españolas que van liderar o cambio.

Premio + Cooperativas, + Igualdade de Konfekoop


O compromiso transversal pola igualdade de EROSKI, que abarca medio século de historia foi merecedor do premio +Cooperativas, +Igualdade, uns recoñecementos á visibilidade das mulleres nas cooperativas que, por primeira vez, entrega A Confederación de Cooperativas de Euskadi, Konfekoop.



I Distribución persoas traballadoras por xénero, franxas de idade e categoría profesional



I Distribución por xénero dos órganos de goberno



Conciliación

401-3

Unha das áreas de traballo do noso Plan de Igualdade é a conciliación da vida persoal e profesional. Neste ámbito, EROSKI conta con permisos adicionais aos que a lexislación establece e impulsa contornas e horarios de traballo que permitan un equilibrio entre a vida persoal e profesional. Así, ademais de dispoñer da posibilidade de reducir a xornada ou coller excedencias por garda legal ou coidado de familiares, EROSKI atende tamén as particularidades doutros proxectos persoais das súas traballadoras e traballadores, ofrecendo a posibilidade de reducir a súa xornada sen cau-

sa manifesta e mantendo o dereito para recuperar a xornada laboral completa unha vez finalizado o período de redución, ou concedendo excedencias temporais voluntarias con reserva de postos de traballo para proxectos de colaboración con ONG ou outros plans de desenvolvemento persoal.

Así, durante o pasado exercicio, 3.948 persoas acolléronse a unha redución de xornada ou excedencia, que corresponde ao 14% do persoal.

I Distribución por xénero de permisos parentais

	Mulleres	Homes	Total
N.º total de persoas que se acolleron ao permiso parental en 2021	320	244	564
N.º total de persoas que regresaron ao traballo en 2021 despois de terminar o permiso parental	176	163	339
Taxa de regreso ao traballo (porcentaxe de persoas que regresaron tras finalizar o seu permiso en 2021)	79,6%	85,8%	82,5%
N.º persoas que continúan en EROSKI 12 meses despois de reincorporarse tras un permiso parental en 2020	243	135	378
Taxa de retención (porcentaxe de persoas que continúan en EROSKI 12 meses despois)	91,0%	84,4%	88,5%

I Distribución por xénero de persoas traballadoras con redución de xornada segundo causa

	Mulleres	Homes	Total
Persoas con redución de xornada por garda legal	2.336 97,3%	66 2,7%	2.402
Persoas con redución de xornada por coidado de familiares	278 94,2%	17 5,8%	295
Persoas con redución de xornada voluntaria	56 94,9%	3 5,1%	59

I Distribución por xénero de persoas traballadoras con excedencia segundo causa

	Mulleres	Homes	Total
Persoas con redución de xornada por garda legal	215 94,7%	12 5,3%	227
Persoas con redución de xornada por coidado de familiares	53 98,1%	1 1,9%	54
Persoas con redución de xornada voluntaria	654 71,8%	257 28,2%	911

Saúde e seguridade no traballo

403-1; 403-2

En EROSKI temos o compromiso de protexer e mellorar a saúde do noso persoal, desenvolvendo para iso un labor proactivo en materia de seguridade e saúde.

Actuamos nos ámbitos da prevención, formación e fomento da saúde, melloramos de forma continua os nosos sistemas de prevención de riscos laborais e intégrámoslos na xestión global da empresa.

Prevención de riscos laborais

403-1; 403-2; 403-4; 403-5; 403-7

Contamos cun Servizo de Prevención de Riscos Laborais propio, con carácter mancomunado, para todas as sociedades do Grupo. As especialidades das que se ocupan son: seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonomía e psicocioloxía aplicada. A vixilancia da saúde realízase a través de servizos de prevención externos.

Ademais, as traballadoras e traballadores participamos na identificación de riscos e melloras das condicións laborais con propostas á cadea de mando e aos Comités de Saúde e Seguridade (que operan en diferentes ámbitos) e outros órganos de representación societaria, nos que todas as persoas empregadas por EROSKI están representadas polos seus delegados e cos que se cobre o 100 % dos temas relacionados coa saúde e seguridade no traballo.

Ao longo de 2021 leváronse a cabo accións para previr os riscos laborais do persoal, entre as que destacan:



- Auditorías externas regulamentarias en todos os negocios.
- Revisión e actualización dos plans de prevención dos distintos negocios do grupo, así como das avaliacións xerais de riscos e avaliacións ergonómicas de diferentes postos ou tarefas.
- Auditorías internas de prevención e inspeccións programadas. Destas últimas encárganse os equipos inspectores dos propios centros, que ademais realizan un seguimento posterior das accións correctoras propostas para reducir e mellorar as anomalías detectadas.
- Simulacros de emerxencia con e sen evacuación, nos propios centros de traballo.

- Medicións das condicións ambientais naqueles centros onde se identificou problemática por iluminación, temperatura ou humidade.
- Formación. Impartíronse cursos básicos de prevención e formacións específicas sobre riscos no posto de traballo ou de actuación en emerxencias.
- Seguimento da accidentabilidade e resolución das accións correctoras.
- Revisión dos Equipos de Protección Individuais (EPIs).
- Campañas de sensibilización en prevención de riscos laborais.

I Taxa de accidentes laborais por tipo

Accidentes rexistrables


25,9
Accidentes laborais rexistrables (leves e graves) con baixa por cada millón de horas traballadas



I Distribución de accidentes leves con baixa por comunidade autónoma

Accidentes leves

1.172
Accidentes leves rexistrados.



Os 4 accidentes graves con baixa tiveron lugar na Coruña, Bizkaia, Navarra e Zaragoza.

I Taxa de formación en prevención de riscos laborais

Tipos de formación	
Inicial ou específico riscos do posto	70,7%
Básico PRL	18,5%
Manexo Equipos de traballo	5,3%
Instrucións de traballo	0,4%
Outros programas formativos	5,1%

43.329
Horas de formación en PRL

1,5
Horas de formación por cada traballador/a

Vixilancia da saúde

403-3; 403-9; 403-10


En EROSKI temos a especialidade de vixilancia da saúde concertada cun servizo de prevención alleo encargado dos seguintes tipos de recoñecementos médicos: de ingreso, periódicos en función do risco do posto, tras baixas de longa ausencia, obrigatorios en postos concretos, en embrazos e valoracións médicas de persoal sensible.

Doutra banda, e en canto á continxencia profesional, revisamos e coordinamos coa mutua todos os casos considerados como enfermidades profesionais.

I Taxa de enfermidades profesionais

1,2

Enfermidades profesionais con baixa por cada millón de horas traballadas




I Taxa de absentismo laboral

8,3%

de absentismo laboral (porcentaxe horas ausencia por enfermidade, enfermidade profesional e accidente laboral/ horas teóricas de traballo)

3.790.640

horas de absentismo



Medidas de prevención e protección nos nosos centros de traballo pola Covid-19

No marco da pandemia que continua en 2021 aínda que con menor incidencia, a nosa primeira preocupación sempre foi garantir a saúde e seguridade dos seus equipos e clientes. Por iso, en relación coa crise sanitaria da COVID-19, leváronse a cabo, entre outras, as seguintes actuacións para a protección do noso persoal:

- Mantemento dos protocolos de actuación COVID-19 elaborados en 2020, aplicándoos segundo o que se trasladou en cada momento desde o Ministerio de Sanidade e organismos autonómicos.
- Seguimento do protocolo de actuación en caso de persoas con síntomas da enfermidade e ante casos positivos de coronavirus.
- Mantemento das medidas físicas de protección e sinalización nos centros de traballo, así como de medidas de hixiene para a prevención do contaxio.
- Limpeza diaria con produtos desinfectantes, así como limpeza correctiva en caso de positivo entre o persoal empregado.
- Comunicación ao área sanitaria do servizo de prevención alleo contratado para a vixilancia da saúde os casos confirmados positivos COVID-19 e os posibles contactos estreitos dos mesmos para a súa investigación ata o 1 de xaneiro de 2022.

Desenvolvemento profesional

404-1; 404-2

En EROSKI estamos comprometidos co desenvolvemento dos nosos profesionais, tanto en tendas como en estruturas, plataformas ou outros negocios diversificados.

Integramos o enfoque de Desenvolvemento e Formación no contexto da planificación estratéxica de persoas e no marco da propia estratexia da organización. Sen persoas capacitadas e que entendan a organización e aos seus mercados, e que visualicen e sexan capaces de despregar as tácticas, non é viable o fin estratéxico. O talento das persoas acompaña e fai posible a estratexia.

E facémolo desde o compromiso na aposta polo desenvolvemento e xestión do talento interno como vía principal de crecemento e de substitución. Axuda ás persoas para buscar os seus máximos desenvolvementos e crecemento profesional posibles, favorecendo un variado ecosistema de aprendizaxe e predispoñendo tamén á propia persoa na responsabilidade no seu crecemento profesional e adecuación continua ao posto.

Todo iso a través de accións avaliativas e de desenvolvemento, sendo coherentes os avances individualizados cos plans de carreira organizacionais, a fin de lograr a maior achega posible desde as persoas á estratexia actual e futura da organización.

Este ano 2021 destináronse 1.581.909 euros a programas formativos, un incremento do 77% sobre o orzamento do 2020, o que supón 176.297 horas totais dedicadas á capacitación dos nosos traballadores e traballadoras; este dato equivale a unha media de 6,11 horas de formación por persoa.

O número de horas de formación incrementouse nun 60,9% respecto a 2020, cun total de 66.748 horas máis. É o noso segundo ano traballando o desenvolvemento profesional en plena pandemia e o noso ritmo vaise normalizando respecto aos anos anteriores. Isto require seguir adaptando o noso modelo de aprendizaxe a novos métodos que permiten impartilos de forma remota nas modalidades non presenciais, adaptando as ferramentas tecnolóxicas e dixitais, así como os recursos de aprendizaxe asociados.

O total de horas de formación mediante as canles de formación en liña en 2021 é de 43.686 horas, sendo o dobre as horas dedicadas a esta modalidade respecto ao 2020. As horas formativas dedicadas a través de modalidade en liña representaron un 25% das horas totais do ano. Aínda e todo, sen deixar de lado as medidas de seguridade, seguimos adaptando as formacións presenciais tomando as restricións pertinentes en cada fase da pandemia. Iso levounos a poder conseguir un incremento en horas presenciais do 51% respecto a 2020.



Programas de formación destacados en 2021

403-3; 403-9; 403-10

✓ Acción formativa ORAIN en sedes de EROSKI

ORAIN é a denominación de acción formativa que se desprega nas sedes do Grupo. Integra formacións presenciais e en liña a todos os colectivos e en moi diferentes ámbitos de coñecementos. É un programa que vén sendo referente da formación en sedes durante moitos anos consecutivos.

✓ Acompañamento Comités Dirección

Durante todo 2021 foron cinco os Comités Dirección en sede Elorrio que tiveron acompañamento externo para a monitoraxe e mellora das súas dinámicas de traballo. Este enfoque de traballo continúa en sucesivos anos.

✓ Programas Summa en sede de EROSKI e Especialización Retail en sede CAPRABO

A través de ambos programas preténdese preparar perfís técnicos para dar o salto a funcións de xestión. Son enfoques formativos que unen intensidade e esforzo na aprendizaxe coa participación e compromiso das persoas escollidas de cada área. Ao longo de 2021, un total de 25 persoas dedicaron 958 horas á formación na aula e 60 aproximadamente, por persona, á aprendizaxe a través de proxectos.

✓ Escolas de Frescos en Punto de Venda

Continuamos en 2021 co enfoque de "Escolas" para Profesionais Frescos en Tendras. Exponse para as diferentes seccións de Frescos e tamén para diferentes niveis ("resh Master é a Escola que busca profesionalizar con maior nivel aos especialistas e facer deles verdadeiros expertos na súa sección).

✓ Formación Modelo Cooperativo

Traballamos a través de varias formacións o noso modelo cooperativo e o estilo de dirección pretendido. Destacan os programas orientados á formación de delegados do Consello Social na Cooperativa, o programa formativo de acollida para novos socios/as denominado "Singular", formacións a membros de Consello Social e Consello Reitor, así como o programa de "Liderazgo Societario", cuxo obxectivo é xerar contextos que desenvolvan persoas protagonistas e responsables no seu papel de propietarías da Cooperativa. En total abarcamos 3.813 horas de formación nestes ámbitos.


✓ Desenvolvemento Directivo e Xestión do Talento

Mantemos o foco na xestión do talento, como un facilitador que permite a EROSKI dispoñer das persoas e equipos necesarios e garantir as capacidades adecuadas para cubrir a estratexia actual e futura, a fin de asegurar a súa posición competitiva a través da incorporación e desenvolvemento do talento en posicións directivas. Traballamos individualmente cun total de 63 persoas en funcións directivas e con máis de 20 persoas nun "Pool de Potenciais". Suman as súas horas de desenvolvemento individualizado un total de 1.370 horas de formación.

✓ Programa Imos para Mandos do Punto de Venda

O programa Imos está dirixido aos novos responsables de área de frescos e alimentación e caixas de supermercados, a fin de que adquiran os coñecementos necesarios para a súa nova función. Nas diferentes convocatorias de 2021 acudiron 32 persoas.

I Horas medias de formación por xénero e categoría profesional



I Número de horas de formación das persoas traballadoras segundo xénero e categoría profesional

	Mulleres	Homes	Total
Directivo/a	259	1.112	1.370
Xestor/a	1.518	1.951	3.469
Mando	11.649	7.121	18.769
Profesional	88.591	27.554	116.144
Responsable	13.813	4.358	18.171
Técnico/a	10.685	7.690	18.375
Total	126.514	49.783	176.297

Promoción profesional

404-3

Entendemos a promoción como un proceso natural na vida profesional das nosas traballadoras e traballadores, e baseado na capacitación profesional e na calidade do

desempeño. Neste sentido, en 2021 promocionouse o 0,9% do noso persoal, o que corresponde a 257 persoas, das cales un 72% eran mulleres.

Número e porcentaxe de persoas con avaliación periódica do desempeño e desenvolvemento profesional


13.961

Persoas avaliadas




80%

Persoas avaliadas respecto ás suxeitas a avaliación



49%


Persoas avaliadas respecto ao total empregados



Persoas avaliadas e porcentaxe respecto ao total de traballadores por categoría profesional e xénero


44

Directivo/a




216

Xestor/a




942

Mando




10.035

Profesional




1.980

Responsable



744

Técnico/a



Krea: cultura cooperativa de innovación e autoxestión

Os Premios de Recoñecemento Corporativo Krea á innovación interna premian o enxeño e as iniciativas innovadoras dos equipos internos de todos os negocios de Grupo EROSKI.

Tras 8 anos de andaina, os premios Krea convertéronse nun sementeiro de ideas disruptivas levadas á práctica capaces de estimular a creación de novas solucións e coa vocación de estenderse a toda a organización. As ideas premiadas, coherentes co marco estratéxico vixente, contribúen a afianzar aínda máis os principios e piares que mellor definen a nosa identidade organizativa e o posicionamento perseguido no sector.

Na presente edición, e a pesar das dificultades derivadas da pandemia, a participación mantívose nos estándares de cantidade e calidade previos á Covid-19.

Estruturada en tres categorías, Xuntos, Clientela e Tenda Segura, as ideas acumuladas na andaina dos Krea xa suman máis de 1.300 candidaturas presentadas. Moitas das gañadoras en todo este tempo transcenderon ao ámbito da tenda que a impulsa para terminar estendéndose a toda a rede de tendas.

Emprendedoras e emprendedores franquizados

Aquelas Socias e Socios Traballadores que desexen ter o seu propio negocio de supermercado EROSKI poden acollerse ao noso Programa "contigo" en Franquía, onde lles ofrecemos condicións especiais, un supermercado chave en man, formación especializada, vantaxes e servizos personalizados, así como ferramentas avanzadas para a xestión das súas tendas e o respaldo dunha marca de confianza como EROSKI. Ademais, contamos con acordos con entidades de financiamento e coa Confederación Española de Novos Empresarios (CEAJE), para así darlles apoio e impulsar o emprendemento.

Este ano inauguráronse 65 franquías das cales máis da metade corresponderon a franquizados que xa tiñan tendas connosco, o que demostra a estabilidade e a fortaleza das tendas franquizadas de EROSKI. O 96% dos nosos franquizados recoméndanos e agradece o asesoramento e apoio que lle damos cos nosos equipos.



Inserción laboral e innovación social

406

En EROSKI estamos comprometidos e apostamos pola integración de diferentes colectivos no mercado laboral. Colaboramos cos servizos de emprego público e con centros da rede do ministerio de educación, para incorporar, a través da formación ocupacional, novos estudantes en desemprego e persoas en risco de exclusión social.

Colaboramos no ámbito nacional con organizacións como Cruz Vermella, Cáritas ou a Fundación Incorpora da Caixa. E no ámbito autonómico con organizacións como Gureak, Erroak-Sartu, Ilundain, entre outras.

En 2021, destacan os seguintes programas de inserción laboral:

- **Programa de especialización de frescos no sector retail**

Este programa xorde no ano 2018 desde a necesidade de inserir persoal especializado nas áreas de frescos e poder dar resposta aos retos do noso Plan Estratégico. Os alumnos e as alumnas pertencen ao Ciclo de Grao Medio de Cociña e Gastronomía de diferentes Escolas de Hostalería. O programa iniciouse o 7 de xuño do 2020 finalizando o 30 de xuño do 2021, cun total de 1.535 horas de formación impartidas. Dos 14 alumnos participantes un 67% obtiveron un contrato laboral en EROSKI.

- **Programa de empregabilidade**

Este programa ten como obxectivo impulsar e realizar unha formación que contribúa ao desenvolvemento persoal e profesional das persoas desempregadas, co fin de mellorar a súa empregabilidade e a súa promoción na nosa empresa. Os cursos van dirixidos ás seccións de peixaría, carnicaría e chacinaría e a súa finalización o alumnado obtén unha titulación homologada. No ano 2021 impartimos 6.000 horas de formación a 50 alumnos e alumnas, dos cales un 58% conseguiron inserirse laboralmente na nosa empresa.

Supermercados inclusivos

EROSKI continúa estendendo o modelo de empregabilidade para persoas con discapacidade que comezou a desenvolver en 2015 xunto a Gureak, en 2017 xunto a Ampans en CAPRABO e en 2019 con Soltra en VEGALSA-EROSKI. Esta iniciativa busca dar novas oportunidades á inclusión laboral de persoas con capacidades diversas. En 2021 mantivéronse os seis supermercados inclusivos franquitados existentes na rede.

Así mesmo, potenciamos a inclusión social na nosa cadea de valor. Por iso colaboramos con provedores como Freshcut en Galicia, fabricante da marca Galifresh, e a Fundación Ampans en Cataluña, comercializadora dos queixos Muntanyola, que promoven a inserción laboral de persoas con discapacidade intelectual, enfermidade mental e en situación de vulnerabilidade. VEGALSA-EROSKI segue mantendo o seu acordo de colaboración coas cooperativa Mulleres Colleiteiras para a recollida e a xestión de aceite usado na súa rede de establecementos da provincia da Coruña, para favorecer a protección do medio ambiente e a inserción laboral de mulleres en risco de exclusión social.

Distribución de persoas traballadoras con discapacidade segundo xénero e categoría profesional

	Mulleres	Homes	Total	Respecto ao total de persoas con discapacidade (%)
Directivo/a	0	1	1	0,3%
Xestor/a	0	2	2	0,6%
Mando	9	5	14	3,9%
Profesional	202	111	313	87,2%
Responsable	17	6	23	6,4%
Técnico/a	4	2	6	1,7%
Total	232	127	359	

Accesibilidade nos nosos supermercados

Respecto á accesibilidade dos nosos supermercados para os clientes, os nosos establecementos cumpren coa legalidade vixente nesa materia. Todos os proxectos de apertura e reforma son aprobados tras a comprobación da autoridade competente. Así mesmo, o noso modelo considera algunhas melloras para as persoas con mobilidade reducida: balanzas máis baixas en froita, mostradores de información con rebaixe de altura e carros especiais.

En 2021 seguimos avanzando para garantir unha compra inclusiva nos nosos centros para as persoas con discapacidade visual. No marco do programa EROSKI Inclusive e coa colaboración de Fundación ONCE, os empregados de VEGALSA-EROSKI recibiron formación especializada para a atención a este colectivo. Ademais, publicouse a "Guía de Atención ao Cliente Con Discapacidade Visual", para proporcionar aos equipos de tenda das súas ensañas pautas básicas para poder prestar o apoio necesario aos clientes con discapacidade visual. Tamén nos adherimos ao programa

ma Rede Espazos Sen Barreiras da Deputación de Málaga para crear espazos accesibles para persoas con autismo e outras necesidades cognitivas.

Destacamos tamén a iniciativa de innovación "A Hora Para Ti" do centro Pérez Cepeda de VEGALSA-EROSKI, galardoada nos nosos Premios Krea, que implantou co obxectivo de atender as necesidades especiais do colectivo de persoas con Trastorno do Espectro Autista e adaptar as instalacións da tenda durante un período concreto ao día para que poidan realizar unha compra segura. Durante unha hora, dous días á semana, redúcese a carga sensorial dos estímulos como a megafonía, a música, a intensidade da iluminación e os sons en caixa. Ademais, colocáronse pictogramas, xa que o uso de imaxes supón un apoio visual que axuda as persoas con TEA a entender certas dinámicas como o embolsado da froita, así como a localizar produtos nos corredores.

4

Compromiso
coa
calidade
e a saúde





Saúde desde a nosa oferta comercial

416-1

Proporcionar unha alimentación saudable e equilibrada a todos os consumidores é o noso obxectivo primordial como organización. Non só realizamos unha escolta activa das súas necesidades, senón que desenvolvemos diversas actuacións para asegurar a calidade de todos e cada un dos nosos produtos, así como para educar na prevención de determinados problemas de saúde vinculados a hábitos alimentarios, de entre os que destacan o sobrepeso e a obesidade, especialmente a infantil.

En EROSKI apostamos por unha oferta comercial baseada en produtos capaces de garantir unha alimentación equilibrada e segura, e que, ademais, cubra os requirimentos nutricionais de colectivos con necesidades específicas como as persoas con enfermidade celíaca, entre outros.

Ademais, para garantir que as nosas propostas en saúde e alimentación responden ás necesidades e prioridades ás que apunta a comunidade científica, contamos cun órgano asesor: o Comité Científico da Fundación EROSKI, composto por profesionais independentes especializados en saúde e renovado en 2020, que nos guía e orienta na definición da nosa estratexia a medio e longo prazo para alcanzar o noso compromiso coa alimentación saudable e sostible. Este comité, que se reúne polo menos unha vez ao ano, axúdanos a abordar con máis garantías de éxito a estratexia de Saúde e Sustentabilidade para os próximos anos.

Membros Do Comité Científico

- Dra. Marta Arroyo, do departamento de Farmacia e Ciencias dos Alimentos da Universidade do País Vasco (UPV/EHU).
- Juan Carlos do Olmo, Secretario Xeral de WWF.
- Dr. Jordi Salas (URV), Profesor distinguido e Director da Unidade de Nutrición do Departamento de Bioquímica e Biotecnoloxía da Universidade Rovira e Virgili, Coordinador da Unidade de Obesidade Mórvida do Hospital Universitario Sant Joan de Reus, principal investigador do Programa de Nutrición do Instituto Carlos III e Director do Centro Catalán do Instituto de Estudos Cataláns.
- Dr. Bittor Rodríguez, do departamento de Farmacia e Ciencias dos Alimentos da Universidade do País Vasco (UPV/EHU).

En 2021, ademais, participaron na reunión do Comité sobre sustentabilidade ambiental Celsa Peiteado, Responsable do Programa de Alimentos de WWF, e Felipe Fuentes, Coordinador de Proxectos Agricultura e Estándares de Produción Agroalimentaria de WWF.



Calidade e seguridade alimentaria

102-11, 416-1

O Modelo de Xestión de Calidade do Grupo EROSKI é o proceso clave para garantir un produto seguro para o cliente. Estrutúrase nun conxunto de normas, procesos, procedementos, ferramentas e definicións, que, relacionados entre si ao longo de toda a cadea de valor, garanten que os

produtos que comercializamos cumpran con todas as garantías en materia de seguridade alimentaria.

En 2021 cubrimos a actividade prevista no noso plan de auditorías e plan de control de produto.

Auditorías a puntos de venda e plataformas

Garantimos a calidade e hixiene en todos os nosos puntos de venda e plataformas loxísticas mediante un protocolo exhaustivo de auditorías de calidade. No exercicio 2021 leváronse a cabo 938 auditorías nos nosos puntos de venda e plataformas que incluíron controis de:

- Mantemento da cadea de frío e calidade na cadea de subministración.
- Hixiene e limpeza das instalacións.
- Sistemas de trazabilidade para todos os produtos.
- Calidade microbiolóxica dos produtos.
- Sistema de xestión de alertas alimentaria e retirada de produto.
- Sistemas e ferramentas de control da calidade.

En caso de detectarse algún tipo de incidencia durante as auditorías, establecemos as accións correctoras e plans de seguimento necesarias para a súa mitigación.

Auditorías a provedores

Como parte da nosa cadea de valor, estendemos os nosos estándares de calidade e requisitos de produto aos nosos provedores.

- Impulsamos o cumprimento de estándares de calidade e seguridade a nivel europeo, como o certificado International Food Standard (IFS).
- Establecemos requisitos máis rigorosos para os produtos frescos, pola importancia das súas condicións de produción, conservación e transporte.
- Realizamos auditorías e implementamos os plans de acción necesarios no caso de que se detecten non conformidades. Unha vez emendadas, e tras superar a auditoría correspondente, o provedor poderá ser homologado.

- Desde 2018 contamos cun programa específico de auditorías para o sector primario (sector cárnico, hortícola e peixe).

En 2021 realizamos auditorías en 343 plantas de produción de provedores de marca propia. O 87% de todos os nosos provedores auditados superaron satisfactoriamente a avaliación. O resto aplicou as medidas correctoras necesarias ou deixou de estar homologado como provedor de EROSKI. Ademais, auditamos 46 plantas de produción de provedores doutras marcas, cun 61% de auditorías satisfactorias.

Controis analíticos de produtos e servizos

Garantimos dobremente a calidade dos nosos produtos e servizos grazas a controis analíticos exhaustivos adicionais aos realizados polas empresas provedoras e fabricantes. En 2021 analizáronse 22.906 mostras, das que o 98% ofreceron un resultado satisfactorio. Pódense diferenciar tres tipos de análises:

- **Químico:** garante a ausencia ou presenza nas cantidades adecuadas de substancias relevantes para a saúde e a seguridade.
- **Microbiolóxico:** garante a ausencia de patóxenos, a hixiene e frescura dos produtos e instalacións.
- **Xenético:** identifica especies animais e vexetais e detecta organismos xeneticamente modificados (OXM).

I Mostras por programa analítico analizadas en 2021

Programa analítico	Analíticas realizadas	Programa analítico	Analíticas realizadas
Aceites	135	Manipulados Carnizaría	536
Ácidos graxos trans	10	Manipulados Chacinaría	2.170
Acrilamida	156	Máscaras	5
Auga	100	Metais pesados	103
Alérxenos	486	Micotoxinas	65
Análise sensorial comparativa Froita	594	Microbioloxía en queixos	22
Carburantes	170	Microbioloxía xeneral PATOXENOS e HIXIENE	268
Comparativos OCU	12	Mel	12
Contaminantes	69	Migración de envases	18
Control de listeria en superficies	2.712	Moluscos bivalvos	16
Control de superficies en tendas	5.650	Non Alimentación	714
Droguería e Cosmética	203	OXMs	36
Envasados propios	397	Perfil tipo de graxa	140
Estudo reclamacións	12	Preparados de carne/comida	1.879
Estudos de vida útil	962	Residuos fitosanitarios	698
Froita Natur Físico químicos	371	Residuos medicamentosos carne-pesca	229
Xeo	183	Salmonella	385
Histamina	33	Seguimento Froita e Vexetais MGF	22
Ovos	63	Stands Sushi	114
Humidade xamóns	8	Turróns	62
Identificación de especies	64	Verificación Ficha Técnica	712
Leite	39	Zumes	355
Listeria	195	Total	22.906
Locais de risco	1.207	Total analíticas NON satisfactorias	440
Manipulados	514	% analíticas NON satisfactorias	2%

Alimentación sa e equilibrada

416-1

No noso compromiso irrenunciable coa saúde imos máis aló de garantir a seguridade alimentaria dos produtos que comercializamos. Queremos ofrecer opcións de consumo máis equilibradas e saudables. Para iso, revisamos e me-

lloramos constantemente a súa ficha técnica seguindo as recomendacións establecidas polos expertos en saúde.

Mellora nutricional do produto

En EROSKI traballamos na composición de todos os nosos produtos para mellorar permanentemente o seu perfil nutricional.

para o coidado da contorna, provocando deforestación e perda de biodiversidade, como ocorre en países como Indonesia ou Malaisia.

En 2021 destaca a eliminación da graxa de palma en todos os nosos produtos de marca propia. A culminación deste obxectivo implicou catro anos de traballo de máis de 100 persoas para reformular 308 produtos en colaboración con 43 fabricantes.

Ademais da eliminación da graxa de palma, desenvolvemos tamén estas liñas de acción para a mellora nutricional dos nosos produtos:

O reto foi lograr produtos igual de zumarentos, esponxosos e tenros, pero máis saudables, con alternativas como o aceite de xirasol alto oleico. Ao longo de todo este tempo fixemos innumerables probas con varias graxas e ingredientes en distintas proporcións a través de ensaios e esixentes catas. Un intenso traballo, realizado de xeito conxunto polos técnicos de EROSKI e os equipos de I+D, Calidade e Producción dos nosos provedores.

- Reducir a presenza daqueles nutrientes relacionados coas patoloxías máis xeneralizadas na nosa sociedade (enfermidades cardiovasculares e a obesidade). En 2021 conseguimos que máis do 73% da nosa gama de marca propia teña unha valoración Nutri-Score A, B ou C.

A diferenza doutros aceites de orixe vexetal, o de palma contén unha elevada cantidade de ácidos graxos saturados: case o 50%, fronte ao 16% do aceite de oliva. E unha dieta rica en graxas saturadas está relacionada con enfermidades cardiovasculares. Doutra banda, o monocultivo da palma para a obtención da graxa de palma tamén pode afectar ao medio ambiente. En ocasións o seu monocultivo intensivo realízase sen ningún control nin medidas

- Fomentar as vendas de produtos de marca propia con maior calidade nutricional, expresada a través de etiquetaxe nutricional frontal Nutri-Score. Os produtos A, B e C supuxeron o 81% das unidades vendidas e o 72% das vendas totais dos produtos con Nutri-Score, o que supón un incremento de 2,13 e 1,44 puntos porcentuais respecto dos datos de 2020, respectivamente.

En 2021 contamos con 106 produtos baixos en graxa, 66 baixos en azucres, 30 baixos en sal e 103 altos en fibra

Menús saudables

En desenvolvemento do noso compromiso de facer alcanzable para todas as persoas unha alimentación saudable, en 2021 lanzamos unha iniciativa que ofrece aos consumidores un plan de menús saudables a un euro por persoa. Estes menús, estruturados segundo os patróns alimentarios da dieta mediterránea, abundan en produtos frescos dos grupos de alimentos cuxa inxesta debe ser frecuente na nosa dieta. No caso dos alimentos procesados, son en todos os casos produtos cualificados coas letras A e B en Nutri-Score. Inclúe unha planificación das catro comidas diarias para dúas semanas, así como receitas paso a paso para algúns dos pratos propostos.



Información sobre o contido e equilibrio nutricional dos produtos

417-1

En EROSKI somos conscientes do valor da información ofrecida ás persoas consumidoras como un elemento esencial para a defensa e protección dos seus intereses, xa que só así poden tomar decisións informadas e acordes ás súas necesidades. Por esta razón, ofrecemos unha información ampla, completa e veraz sobre o seu contido e sobre a importancia de manter unha alimentación saudable.

En todo momento, cumprimos coa lexislación existente en materia de etiquetaxe para cada tipo de produto e coas esixencias e políticas da nosa marca propia, incluíndo información adicional con pictogramas que facilitan a identificación de alérxenos e sistemas de información nutricional como o Semáforo Nutricional e o Nutri-Score. Se, por algún erro na cadea de produción, se producira algún erro relativo á seguridade do produto ou á información provista no

seu envase, o produto retírase da venda de maneira inmediata segundo o noso estricto protocolo. Estas revisións e os exercicios de escoita aos consumidores permítenos optimizar como incorporar a información na etiqueta para que sexa máis facilmente comprendida pola clientela.

Ademais de na etiquetaxe, tamén traballamos para mellorar a información contida en folletos, carteis de tenda e web. Así, adecuamos a nosa publicidade en produtos infantís ao Código de correulación da publicidade de alimentos e bebidas dirixida a menores, prevención da obesidade e saúde (Código PAOS), incluído dentro da estratexia NAVES da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición.

Sistema de información nutricional avanzado de EROSKI: Nutri-Score e Semáforo Nutricional

En 2018, tras unha escoita a máis de 10.000 persoas, fomos pioneiros coa inclusión da etiquetaxe Nutri-Score, que este 2021 culminamos. En total 1.900 produtos de marca propia contan con esta etiquetaxe que está dispoñible en todos os envases de marca propia susceptibles de levalo.

Ademais, este ano publicamos a análise desenvolta tras máis de dous anos de implantación da etiquetaxe nutricional. A mostra analiza a evolución das vendas de ao redor de 2.000 produtos en máis de 1.300 puntos de venda e constata que Nutri-Score inflúe favorablemente na elección de produtos de alimentación envasada máis saudables, sen que haxa retroceso nas categorías de produto fresco.

A etiquetaxe Nutri-Score, que conta coa validación do Ministerio de Consumo, é un gráfico ou semáforo que clasifica os alimentos envasados con cinco letras asociadas a cinco cores segundo a súa composición nutricional, da A verde escuro e a B verde claro (para os máis saudables) ao D laranxa e a E vermella (para os de menor calidade nutricional), pasando polos C de cor amarela, nunha posición intermedia. Este permite ás persoas consumidoras coñecer de maneira sinxela a valoración nutricional global de cada produto e así poder comparalo con outros semellantes e elixir mellor, sen perder a información detallada por nutriente que hoxe lle proporciona o semáforo nutricional.



O Nutri-Score complementa o semáforo nutricional dispoñible nos nosos produtos de marca propia desde 2007. Esta ferramenta facilita controlar a cantidade de calorías, graxas, azucres ou sal da dieta en caso de necesidade por algún motivo de saúde (diabetes, hipertensión, sobrepeso...). Así, pódese ver a cantidade que unha porción do alimento achega dese nutriente en concreto, e interpretar facilmente se esa cantidade é baixa, moderada ou relevante. Do mesmo xeito que o Nutri-Score, este sistema de cores sempre se atopa na parte frontal do envase, proporcionando información sobre a cantidade de calorías e sobre os catro nutrientes máis relevantes en relación coa saúde (graxa, graxa saturada, azucre e sal) por cada ración de consumo.

Informe nutricional baseado nas compras

EROSKI Club conta cun programa pioneiro de saúde que ofrece gratuitamente información personalizada e incentivos para unha alimentación e unha compra máis saudable e equilibrada a todos os nosos Socios e Socias Cliente. En 2021, máis de 29.000 persoas utilizaron o noso servizo de información nutricional baseado nas súas compras rexistradas na tarxeta EROSKI Club.

Este informe ofrece unha análise detallada e personalizada de como se axustan as compras do fogar ás recomendacións da dieta mediterránea. A súa finalidade é orientar ao cliente sobre os alimentos, cantidades e frecuencia de consumo que tanto el como demais membros do fogar necesitan para manter unha alimentación equilibrada. O programa Ekilibria foi recoñecido en 2019 co Premio NAVES

outorgado pola Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN) á Iniciativa empresarial polo seu compromiso coa alimentación saudable.

Ademais, ao longo de 2021 enviouse desde EROSKI Club de maneira periódica información e actividades relacionadas coa saúde a máis de 550.000 Socios e máis de 38.000 participaron activamente en retos relacionados cunha alimentación saudable.

Así mesmo, colaboramos con iniciativas de fomento de hábitos saudables como a FiraGran 2021, o Salón das Persoas Maiores de Cataluña, no que CAPRABO apoiou a gran camiñada "Camiñar pola Saúde e o Benestar" mediante a entrega de augas e pezas de froita aos participantes da actividade, dirixida a maiores de 60 anos.

Necesidades nutricionais específicas

De maneira especial, somos sensibles a necesidades específicas en alimentación derivadas de enfermidades que afectan a algunhas persoas como a celiaquía, as alerxias ou as intolerancias alimentarias. Traballamos para que a nosa oferta de produtos para elas sexa segura, suficiente para unha compra ordinaria e sempre cun nivel adecuado de prezo.

Mantemos unha comunicación fluída con diferentes entidades e colectivos que as representan, como a Federación de Asociacións de Celíacos de España (FACE) e as respectivas asociacións das Comunidades Autónomas en que operamos, ou a Federación Española de Diabetes (FEDE), para coñecer de primeira man as súas demandas e preocupacións e ampliar a nosa gama de alimentos para dar unha resposta adecuada as súas peticións. Ademais, colaboramos con estas entidades para dar visibilidade e concienciar sobre a súa enfermidade mediante distintas campañas de sensibilización.

En 2021 renovamos os Convenios de Colaboración coas asociacións de celíacos do País Vasco, A Rioxa, Cataluña e Navarra. En total, durante 2021 máis de 2.200 socios destas catro Asociacións beneficiáronse dos devanditos Convenios que inclúe, entre outros, un 20% de desconto na compra de máis de 200 referencias elaboradas especificamente sen glute.

Actualmente, e froito do noso compromiso coas necesidades específicas deste colectivo, seguimos traballando para mellorar a oferta de produtos sen glute tanto da nosa marca propia como de marcas doutros fabricantes, contando actualmente con máis de 2.700 produtos sen glute, deles ao redor de 2.100 de diversas marcas e máis de 550 produtos garantidos sen glute da nosa marca propia.

Igualmente, desde fai máis dunha década, ademais de cumprir co Real Decreto 2220/2004 sobre declaracións de

alérxenos, ofrecemos unha información adicional incluíndo nas etiquetas os textos de advertencia necesarios en mensaxes separadas de forma visible para indicar a presenza potencial de trazas de alérxenos. En 2021 contamos con 582 produtos de marca propia sen glute, 110 produtos sen lactosa, 55 sen leite e 7 sen ovo.



Información en saúde e sustentabilidade

CONSUMER EROSKI é o proxecto informativo do Grupo EROSKI co que queremos formar e informar aos nosos consumidores para facilitarles unha vida saudable e sustentable, mediante produtos informativos veraces, independentes, prácticos e amenos.

A través desta publicación, dispoñible en formato de revista impresa e de portal dixital de información, ambos en castelán, catalán, éuscaro e galego, tratamos temas relacionados coa alimentación, a seguridade alimentaria e a saúde, pero tamén sobre outros temas de interese para os nosos consumidores: medio ambiente, solidariedade, mascotas, mundo bebé e aforro e economía doméstica.

Para a preparación dos seus contidos contamos coa colaboración de distintos profesionais expertos e de varias entidades como a Federación de Diabéticos Españois (FEDE), a Asociación Española Contra o Cancro (AECC), o Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE), UNICEF e WWF.

Indicadores da edición dixital www.consumer.es



Indicadores da edición impresa de EROSKI CONSUMER



Especial sobre a obesidade infantil en España

En 2021 ocupou un papel especial a obesidade infantil, en torno á que CONSUMER EROSKI desenvolveu un estudo para

coñecer o seu estado na poboación infantil española a partir de datos públicos.



Alimentación e hábitos saudables desde a infancia

413-1; 413-2

Escola de Alimentación

A información e a formación son ferramentas fundamentais para tomar decisións adecuadas en canto ao que alimentación se refire. Por iso, promovemos unha alimentación que preveña a obesidade infantil e ofrecemos ferramentas formativas a nenos e nenas para que tomen as mellores decisións sobre a súa alimentación de forma consciente e divertida.

Esta iniciativa da Fundación EROSKI que naceu en 2013 ten o obxectivo de fomentar unha alimentación equilibrada e uns hábitos de vida saudables entre a cidadanía e ser punto de encontro de profesionais da saúde, da educación,

proxenitores, escolares e resto de cidadanía comprometida coa mellora da súa alimentación e estilo de vida.

www.escueladealimentacion.es

Ofrece información actual e de calidade froito do coñecemento científico e das investigacións que desenvolve, avalada por profesionais da saúde. Para o desenvolvemento de todas as súas iniciativas colaboramos tamén con gobernos autonómicos e distintas organizacións relacionadas coa saúde e o consumo responsable.

Programas Educativos en Alimentación e Hábitos Saudables (PEAHS) do Grupo EROSKI

Grupo EROSKI desenvolve distintos programas educativos que buscan fomentar unha alimentación saudable e promocionar os hábitos de vida saudable entre todas as persoas, con especial atención aos máis pequenos.

Indicadores principais dos programas educativos do Grupo EROSKI para o curso 2020/2021

126.839
escolares

1.616
colexios participantes

Debido á pandemia da COVID-19 non foi posible levar a cabo talleres presenciais de visita a tenda, a provedores ou aulas de cociña. Estas accións retomáronse no curso 2021/2022.

Energía para Crecer

O programa, posto en marcha para facer fronte ás altas taxas de obesidade infantil, conta con materiais didácticos para tres niveis de idade, 3-6 anos que inclúe xogos e contos, 6-8 anos que inclúe 5 unidades didácticas, e 8-12 que inclúe 10 unidades didácticas. Ademais, inclúe 3 talleres prácticos que se realizan fóra das aulas (visitas a produtores locais, tendas, e aula de cociña), que non puideron realizarse no curso 2020/2021 debido á pandemia da COVID-19. Os contidos do programa foron elaborados por un Comité Científico formado por profesionais da medicina, nutrición e dietética, psicopedagogía, pedagogía e sustentabilidade.

En 2021 concluímos a primeira edición semi presencial deste programa formativo, que conta con máis contido dixital para facelo máis atractivo, interactivo e eficiente.

www.energiaparacrecer.escueladealimentacion.es/gl

IV Edición de Imaxine Food

EROSKI organizou, enmarcado no seu programa educativo Enerxía para Crecer, a súa cuarta edición do concurso Imagine Food para concienciar aos pequenos e as súas familias da importancia de levar unha dieta equilibrada e saudable. Nesta ocasión, participaron cos seus debuxos de receitas saudables nenos e nenas de idades entre os 6 e 12 anos. O Basque Culinary Center, do mesmo xeito que en edicións anteriores, colaborou formando parte do xurado e, ademais, este ano achegou como premio unha estancia dunha fin de semana en Donostia-San Sebastián para que as familias gañadoras participen nun curso de "entusiastas do BCC". Ademais, vai editar un libro dixital con videoreceitas dos 30 pratos finalistas.

Elix Bo, Elix Saudable de CAPRABO

Este programa, posto en marcha en 2009 e dispoñible en formato presencial e *online*, busca ensinar aos nenos e nenas, incluíndo os de 2 e 3 anos, a alimentarse de maneira saudable e fomentar uns hábitos de alimentación equilibrada, acompañados dunha persoa profesional da nutrición, ademais de concienciar sobre o desenvolvemento sustentable, o consumo responsable ou fame cero, entre outras materias.

Entre outras accións, este 2021, CAPRABO celebrou por sexto ano consecutivo o Día Mundial das Froitas e Verduras co obxectivo de sensibilizar as familias sobre a importancia de levar unha alimentación saudable, especialmente entre os máis pequenos. Esta edición contou coa difusión en redes sociais de consellos sobre como ferver a verdura sen que perda propiedades e un recopilatorio das froitas e verduras de tempada.

Programas educativos de VEGALSA-EROSKI

VEGALSA-EROSKI leva a cabo tamén outros programas: Visita o teu Súper, para fomentar hábitos de vida saudables e compra responsable; Mates no teu Súper, que realiza unha visita á tenda para que aprendan a realizar a compra; e Come Rico, Vive San, un proxecto que une distintas iniciativas como as Sannifestas nos colexios, e que se enmarca dentro do proxecto nacional Prevención de la Obesidad Aligera tu Vida, liderado pola Sociedade Española para o Estudo da Obesidade (SEEDO).



Estudo sobre o sobrepeso e obesidade infantil

Fundación EROSKI e CAPRABO, no seu firme propósito de contribuír á promoción dun estilo de vida saudable e á prevención do sobrepeso e a obesidade infantil, puxeron en marcha en 2021 unha acción de medición e seguimento periódica da prevalencia destes fenómenos en España. Este proxecto busca:

1. Poñer ao dispor da sociedade un indicador dinámico e mantido no tempo da prevalencia da obesidade e o sobrepeso en diversas comunidades autónomas, actualizable anualmente para poder realizar un seguimento destas problemáticas de saúde.

2. Proporcionar aos centros educativos un indicador fiable que lles permita coñecer a prevalencia destes fenómenos entre o alumnado, a fin de promover accións educativas para mellorar a saúde dos nenos e nenas do seu colexio.

Tras as medicións de peso, estatura, circunferencia da cintura e cadeira a 1.815 alumnos de entre 6 e 11 anos de 25 centros, obtivéronse unha taxa media de sobrepeso do 22,31% e de obesidade do 8,76%, con dispersións entre comunidades autónomas que revelan a necesidade de manter programas que incidan na educación en hábitos de vida e alimentación saudables.

5

Compromiso
coa sustentabilidade
ambiental

Papel de
bosques
sostenibles

Baso
jasangarrietako
papera

EROSKI
50 años contigo

10 años
com pro
mi sos
saludables
sostenibles





Xestión ambiental responsable

102-1; 102-2; 102-5; 102-7

En EROSKI somos conscientes de que non podemos promover unha sociedade sa sen coidar tamén da nosa contorna natural. O noso compromiso coa sociedade pasa de maneira irrenunciable polo respecto ao medio ambiente e a restauración natural.

Traballamos para garantir o cumprimento da lexislación aplicable na materia en todos os seus ámbitos de actuación, pero, ademais, engadimos un continuo esforzo para me-

llorar na identificación, caracterización e minimización dos principais impactos negativos e optimización dos impactos positivos que a nosa actividade ten no medio ambiente.

Continuamos velando pola redución dos nosos impactos sobre o medio ambiente, implementando medidas de eficiencia enerxética, reducindo o consumo de materiais non renovables e diminuíndo as nosas emisións de gases de efecto invernadoiro.

Política Ambiental

Este compromiso intégrase de forma transversal en toda a organización a través dunha Política Ambiental que alíña o respecto ao medio ambiente e o benestar social cos nosos obxectivos estratéxicos. Esta Política está dirixida a minimizar o noso impacto sobre o cambio climático, a protección e

utilización de maneira sostible dos recursos naturais, a xestión dos residuos baixo modelos de economía circular e a preservación da biodiversidade. Os principios básicos da nosa Política son:


1. Manter unha actitude proactiva que, ademais de garantir o cumprimento da normativa ambiental vixente, nos leva a adquirir compromisos progresivamente esixentes.
2. Prever a contaminación mediante a sistematización da nosa xestión ambiental, de maneira que nos permita controlar, medir, e evitar ou reducir o impacto ambiental asociado a nosa actividade.
3. Basear o sistema de xestión ambiental na mellora continua dos aspectos máis relevantes para a organización. Para iso fixamos obxectivos cuantificables e asignamos os recursos necesarios para a súa consecución.
4. Incluír a variable ambiental na investigación e desenvolvemento dos produtos e servizos que ofertamos, buscando a rendibilidade das accións medioambientais que poñemos en práctica e identificando novas oportunidades de negociación.
5. Fomentar actitudes de colaboración e participación de todos para conseguir o desenvolvemento sostible. Para iso, a formación e información das persoas son imprescindibles en todos os niveis da organización.
6. Establecer canles de comunicación fluídas con autoridades, comunidade local, organizacións sectoriais, provedores e consumidores que garanten unha difusión permanente e de maneira transparente dos impactos da nosa actividade, así como dos recursos e tecnoloxías que destinamos a minimizalos.

Obxectivos sustentables

102-11, 102-15; 201-2

En 2021 redobramos os nosos esforzos cun novo e ambicioso compromiso no marco da loita contra o cambio climático. Desde EROSKI comprometémonos a ser unha empresa de cero emisións netas de gases de efecto invernadoiro en 2050.

Este compromiso enmárcase na nosa adhesión ao Código de Conduta sobre negocio responsable de alimentos e prácticas de márketing presentado pola Unión Europea en Bruxelas e supón a revisión e o fortalecemento dos nosos 10 Compromisos en Saúde e Sustentabilidade, que nos marcamos en 2018 e que inclúen:

-  **Reducir un 25% as nosas emisións de CO₂ para 2025** para minimizar os noso impacto en cambio climático. Para iso, melloraremos a eficiencia dos nosos equipos e procesos e aumentaremos o uso de enerxías renovables.
-  **Reducir un 20% as toneladas de envases de plástico** convencional que comercializamos en 2025, co obxectivo de reducir a nosa posible contribución á contaminación do medio mariño e terrestre con este material.
-  **Orientar os nosos procesos cara o desperdicio cero**, para xerar un impacto ambiental e social positivo a través da doación e reutilización dos alimentos que non vendemos.
-  **Orientar os nosos procesos cara a un modelo de economía circular**, a través do ecodeseño dos nosos envases de marca propia para que sexan 100% reciclables en 2025 e mediante a reciclaxe e valoración dos residuos que xeramos.
-  **Potenciar os produtos producidos de forma máis respectuosa co medio ambiente e os animais**, esixindo certificacións ambientais no 100% dos novos produtos EROSKI Natur e ampliando a gama de produtos ecolóxicos, con selos de benestar animal, etc. Ademais, colaboramos cos nosos provedores a través de distintos proxectos para tirar a que incorporen criterios de mellora ambiental no seus procesos.

En 2021 avanzamos na nova folia de ruta que nos permitirá alcanzar a neutralidade en carbono en 2050 e fortalecer outros compromisos coa sustentabilidade no marco do Código de Conduta sobre negocio responsable de alimentos e prácticas de márketing da UE.



Xestión de riscos ambientais

102-11

Consideramos que identificar e xestionar correctamente os riscos ambientais, incluídos os riscos climáticos, e o seu impacto financeiro é imprescindible para a evolución e bo desempeño da nosa compañía. En relación cos delitos contra os recursos naturais e o medio ambiente, prevense determinadas actuacións de risco que poderían ser levadas a cabo por distintos departamentos de EROSKI, así como as medidas de prevención para evitalas, e os controis específicos implantados.

Contamos cunha póliza de Responsabilidade Ambiental que ten un límite agregado anual para todas as coberturas de 10 millóns de euros e un límite por sinistro para todas as coberturas de 5 millóns de euros.

Riscos e oportunidades relacionadas co cambio climático

Desde Grupo EROSKI estamos firmemente comprometidos coa sustentabilidade, o respecto cara o medio ambiente e a redución das nosas emisións de gases de efecto invernadoiro. En 2021, fomos a primeira cadea de distribución que opera a nivel estatal en marcarnos o obxectivo de neutralidade en carbono.

Practicamente non hai ningún sector económico que non se vaia a ver afectado polos impactos do cambio climático. Aínda así, tamén é importante recoñecer que a realidade do cambio climático representa oportunidades para incentivar as organizacións para innovar en novos modelos de negocio e produtos baixos en carbono e a descarbonizar os seus procesos produtivos.

En EROSKI somos moi conscientes desta situación e traballamos para aliñarnos coas principais recomendacións a nivel internacional e sectorial, así como para avanzarmos a responder os requisitos da Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética de España, que xa prevé a obrigación de que as empresas comecen a analizar e divulgar os seus riscos e oportunidades con impacto financeiro derivados do cambio climático. Neste sentido, comezamos a traballar neste exercicio de acordo co marco de divulgación de riscos e oportunidades do Task Force on Climate-Related Financial Disclosures (TCFD) do Consello de Estabilidade Financeira.

O proceso de identificación de riscos e oportunidades derivados do cambio climático de EROSKI parte da análise de escenarios climáticos e das posibles tendencias en canto ao comportamento do mercado, marco enerxético e regulatorio que puidese afectar as nosas actividades e unidades de negocio. Para a análise de escenarios climáticos, está a realizarse unha análise bibliográfica das publicacións científicas dispoñibles acerca de proxeccións climáticas, tomando como referencia os escenarios de emisións RCP4.5 (escenario moderado) e RCP8.5 (escenario intensivo) de acordo ao Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (Intergovernmental Panel on Climate Change) de Nacións Unidas.

A análise considera tanto riscos climáticos agudos puntuais (ondas de calor, choivas torrenciais e inundacións, etc.) como riscos climáticos crónicos (secas persistentes, variacións nos patróns de temperatura e pluviometría, etc.). Así mesmo, tamén se avalían posibles riscos transicionais cara a unha economía descarbonizada, entendidos como aqueles relacionados con cambios políticos/legais, tecnolóxicos, de mercado ou reputacionais. Para iso analizamos, entre outras fontes, as tendencias identificadas por EROSKI nos seus estudos internos, diferentes documentos de prospectiva da Axencia Internacional da Enerxía (IEA) e os escenarios:

- **STEPS (Stated Policies Scenario):** Escenario que reflicte a configuración actual das políticas baseado nunha avaliación sector por sector das políticas específicas que están en vigor, así como aquelas que foron anunciadas polos gobernos de todo o mundo.
- **SDS (Sustainable Development Scenario):** Escenario integrado que especifica o camiño cara ao obxectivo de: garantir o acceso universal a servizos enerxéticos alcanzables, fiables, sustentables e modernos para 2030 (ODS 7); reducir substancialmente a contaminación do aire (ODS 3.9); e tomar medidas efectivas para combater o cambio climático (ODS 13).
- **NZE2050 (Net Zero Emissions by 2050 Scenario):** Escenario que establece un camiño estreito pero alcanzable para que o sector enerxético global logre cero emisións netas de CO₂ para 2050. Non se basea en reducións de emisións externas ao sector enerxético para lograr os seus obxectivos.

Entre os riscos climáticos -puntuais ou crónicos- que poden afectar a EROSKI debe distinguirse entre aqueles que poden afectar directamente as nosas operacións, infraestruturas e persoas traballadoras, e aqueles que poden afectar a nosa cadea de subministración e, particularmente, aos nosos provedores de produto fresco, aínda que aquí é importante resaltar que a compañía traballa maioritariamente con provedores nacionais (97% se falamos de provedores de produto fresco), co que a exposición para os efectos do cambio climático fóra de España son reducidos e, por iso consideramos estes impactos principalmente a nivel nacional.

A nivel xeral, aínda que os impactos climáticos poden presentar variacións importantes a nivel rexional -e por tanto pode ser necesario unha análise máis detallada para as distintas áreas onde EROSKI concentra as súas operacións ou os seus provedores- e tamén en función de se o planeta se move cara a un escenario de altas emisións ou cara a un máis descarbonizado, en España identificamos os seguintes riscos climáticos relevantes para a nosa actividade a partir da Guía de escenarios rexionalizados de cambio climático sobre España a partir dos resultados do IPCC-AR5 do Ministerio para a transición ecolóxica e reto demográfico:

Escenarios de riscos climáticos identificados para EROSKI

Tipo	Eventos	Escenario de altas emisións	Escenario de baixas emisións
Puntuais	Choivas fortes / inundacións	Aumento dos episodios de choivas torrenciais e inundacións.	
	Ventos extremos	Non se detectan grandes variacións, a excepción dun leve incremento da frecuencia destes eventos (descenso do valor de retorno a 50 anos) no noroeste peninsular no verán a medio (2041-2070) e longo prazo (2071-2100).	
	Ondas de calor	Maior duración e frecuencia das ondas de calor. Os cambios menores produciríanse en Galicia, comunidades da cornixa cantábrica e A Rioxa, e os maiores nas comunidades do levante español, como na Rexión de Murcia, en Baleares e especialmente en Canarias.	
Crónicos	Cambios no patrón de precipitacións e secas	As precipitacións tenden a diminuír na maior parte de España, sendo maiores estes descensos no cuadrante SO da Península e nos arquipélagos. Aumento do período seco (entre 1-11 días). Maior frecuencia e intensidade das secas.	Maior frecuencia e intensidade das secas.
	Cambios de temperaturas	O aumento é claro e progresivo ao longo do século XXI, maior no verán e para o escenario de cambio climático máis emisivo. As temperaturas máximas e mínimas do verán e outono mostran un incremento máis intenso que as do inverno e primavera, sendo o quecemento maior nas zonas interiores e do leste que nas zonas do norte peninsular. Para finais do século XXI, na España peninsular, espérase que a proporción de días cálidos se incremente en case un 50%. A mediados de século, incrementos da temperatura máxima de entre 2 e 3°C, superando os +3,5°C no sueste de Andalucía. Para o ano 2100 o aumento podería alcanzar os 4,2 – 6,4°C.	Para finais do século XXI, na España peninsular, espérase que a proporción de días cálidos se incremente en torno ao 24%. A mediados de século, incremento das temperaturas máximas de entre 1 e 2°C, sendo menor nas zonas costeiras e maior en zonas do interior de Andalucía, Castela A Mancha, sur de Aragón e Comunidade de Madrid. Para o ano 2100 o aumento podería alcanzar os 2 - 3,4°C.

O incremento de episodios de choivas torrenciais e inundacións, así como doutros fenómenos meteorolóxicos extremos pode derivar nun incremento das primas de seguros e de custos de reparación por danos en tendas e outras instalacións.

Entre os riscos crónicos, o que maior impacto directo pode ter para EROSKI é o relativo ao incremento medio da temperatura (tamén en episodios de ondas de calor) xa que probablemente se traduza nun incremento dos custos de climatización en tendas, así como para o mantemento da cadea de frío. Neste sentido, algúns estudos prevén un incremento do consumo enerxético asociado á refrixeración do 14% dos graos-día¹ de refrixeración por década no período 2010-2049. A medio ou longo prazo, isto pode derivar na necesidade de realizar investimentos para adaptar as instalacións e tendas para ser máis eficientes en termos de climatización, aínda que, isto debería acabar traducíndose en aforros por menor consumo enerxético.

Así mesmo, estes mesmos eventos climáticos poden afectar aos nosos provedores e á distribución de produtos tanto por afectacións a súa produción como o seu transporte, podendo derivar isto en maiores custos para a compra de produtos como na necesidade de buscar provedores alter-

nativos. De maneira particular, estes riscos climáticos terán previsiblemente un impacto no sector agrario. Entre os principais impactos sobre a actividade agraria poden mencionarse os seguintes:

- Diminución da produción dalgunhas colleitas polo aumento do incremento de temperatura que derivará en maior tensión hídrica.
- Cambios no rendemento e a calidade dos produtos agrícolas, gandeiros e silvícolas polos cambios na estacionalidade e a variabilidade do clima.
- Limitación do espazo dispoñible adecuado para determinados cultivos pola degradación do chan e a desertificación.
- Maior ocorrencia de pragas e enfermidades tanto en cultivos como en animais.
- Menor produtividade de produtos gandeiros polo impacto no benestar animal da calor excesiva ou pola perda da produtividade dos pastos.
- Afectacións aos recursos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas.

¹ O grao-día de refrixeración é unha unidade de medida deseñada para cuantificar a demanda de enerxía requirida para a refrixeración de edificios e defínese polo xeral como o número de graos por encima dos 18 °C da temperatura media diaria

Por último, a Organización Mundial da Saúde vén advertindo desde hai tempo que o cambio climático pode facilitar a aparición de novas enfermidades epidémicas ou incrementar a súa transmisión, debido a cambios na distribución de vectores transmisores de enfermidades, o que, á luz do impacto que tivo a COVID-19, evidencia a necesidade de contemplar tamén o potencial impacto de futuras ameazas á saúde humana aínda non coñecidas con precisión.

zas á saúde humana aínda non coñecidas con precisión.

En canto aos riscos transicionais (político/legais, tecnolóxicos, de mercado ou reputacionais), de maneira preliminar identifícanse os seguintes, aínda que estes analizaranse con maior profundidade ao longo de 2022.

Riscos de cambio climático transicionais e o seu posible impacto para EROSKI

Riscos transicionais	Potencial impacto
Político/ Legais	<p>Crecente regulación existente e emerxente relacionada con aspectos climáticos.</p> <p>A cada vez maior conciencia e preocupación global polo impacto do cambio climático e os compromisos internacionais derivan nun crecente corpus normativo que afectará a todos os sectores de actividade.</p> <p>Así, a Unión Europea comprometeuse a alcanzar a neutralidade de emisións en 2050 e a reducir as súas emisións nun 55% en 2030 e para iso a Comisión Europea lanzou "Fit For 55", un gran paquete lexislativo en materia de transición verde que afectará a todos os ámbitos da economía e a sociedade e que servirá para articular durante a presente década o camiño que debería seguir a UE para alcanzar a neutralidade de carbono en 2050. A nivel estatal a Lei 7/2021 de Cambio Climático e Transición Enerxética deixa claro que a loita contra o cambio climático e a transición enerxética conlevan transformacións tecnolóxicas e cambios na industria. O mesmo caso dáse a nivel autonómico, onde moitos gobernos están a aprobar as súas propias leis de cambio climático con requisitos diferentes segundo o territorio.</p> <p>Todo iso seguro traducirase na necesidade de afrontar investimentos para a descarbonización e cambios tecnolóxicos e de procesos en EROSKI e na nosa cadea de subministración que continuaremos afrontando nos próximos anos. Un exemplo disto é a necesidade de dar cumprimento as directivas europeas para a eliminación dos gases fluorados nos equipos de refraxeración de refraxeradores en supermercados e sistemas de aire acondicionado, e que quedarán prohibidos a partir de 2030.</p> <p>Ademais, moitas destas normas probablemente implicarán a ampliación das necesidades de monitorio e de reporting nos ámbitos relacionados coa mitigación e adaptación ao cambio climático.</p>
Mecanismos de fixación de prezos ao carbono	<p>Aínda que EROSKI non está incluído actualmente dentro do réxime europeo de comercio de dereitos de emisión, a aparición de posibles impostos ao carbono aplicables a produtos ou servizos relacionados coas nosas actividades pode afectar aos nosos custos directos e indirectos. Por exemplo, o aumento do prezo dos billetes aéreos afectados polos programas de redución de emisións CORSIA, pode afectar indirectamente aos custos dos paquetes turísticos ou ás marxes da nosa axencia de viaxes. Do mesmo xeito, debe analizarse o potencial impacto do "mecanismo de axuste fronteirizo ao carbono" que a UE ten previsto comezar a implementar a partir de 2025 e que afectará aos produtos importados de países con normas climáticas máis laxas que as europeas.</p> <p>Así mesmo, dado que como compañía nos fixamos o obxectivo de chegar á neutralidade de carbono en 2050, previsiblemente deberemos investir en proxectos de carbono para a neutralización de parte das nosas emisións, sen descartar a adquisición de proxectos de compensación no período transitorio. Actualmente existe unha inflación importante no prezo por tonelada de carbono destes proxectos e que probablemente se seguirá incrementando nos próximos anos polo que se deberá considerar está variable dentro da estratexia de carbono global da compañía.</p>

Riscos transicionais	Potencial impacto
Político/ Legais	<p>Incremento dos custos de subministracións e materias primas</p> <p>Os modelos de escenarios de políticas futuras analizados (SDS) prevén un aumento do prezo dos combustibles, a electricidade e do recurso hídrico. De feito, estas subidas poden darse tanto por causas relacionadas co cambio climático como por tensións xeopolíticas. No primeiro caso, estes incrementos poden darse tanto por impostos ao carbono, como por outras políticas fiscais que desincentiven o consumo de fontes de enerxía que emitan carbono ou para fomentar un uso eficiente dos recursos. Así mesmo, o traslado ao consumidor dos custos derivados da adaptación da infraestrutura de produción e subministración impactará nos custos.</p> <p>O aumento dos prezos do combustible poderá afectar aos custos de transporte de mercadorías, mentres que o incremento do custo da electricidade tería un impacto en custos directos de operación das tendas e outras instalacións. Pola súa banda, o incremento do prezo da auga pode ter impacto nos custos de determinados alimentos e outros produtos.</p> <p>Impactos similares poden producirse pola alza nos prezos de determinadas materias primas ou dos produtos agrarios.</p>
Tecnolóxicos	<p>Custos de transición a unha economía baixa en carbono</p> <p>Máis aló do cumprimento legal, a transición cara a unha economía baixa en carbono pode implicar a necesidade de reorientar o negocio ou diversificar actividades, desenvolvendo, por exemplo, novas experiencias de compra -tanto presencial como virtual ou híbrida-. Estes cambios evidentemente requirirán dun investimento e cambios en tendas e plataformas de distribución, pero ademais teñen un risco asociado á implantación de calquera innovación sobre a que pode haber incertidume sobre o seu éxito.</p> <p>Así mesmo, a tendencia global e os compromisos asumidos cara á descarbonización pode implicar a necesidade de realizar adaptacións nas nosas instalacións. Por exemplo, os novos modos de mobilidade mediante o incremento de puntos de recarga para vehículo eléctrico ou a creación de "hidroxeneras" para subministración de hidróxeno, ou, doutra banda, a electrificación de sistemas de climatización (substitución de caldeiras por bombas de calor) ou instalación de sistemas de almacenamento de enerxía.</p> <p>Do mesmo xeito, no longo prazo é posible que xurdan outro tipo de innovacións ou necesidades tecnolóxicas aínda por definir e que poderán ter un impacto similar ás que xa se avistan para o medio prazo (por exemplo, tecnoloxías de captación directa de carbono da atmosfera).</p>
Mercado	<p>Cambios no comportamento do consumidor</p> <p>Cada vez máis estudos mostran unha tendencia clara dos consumidores cara a unha maior preferencia por compañías e marcas con valores e atributos de sustentabilidade. Neste sentido, un 72% dos españois estarían dispostos a cambiar dun establecemento a outro que fose máis respectuoso co medio ambiente, o que dá unha idea do potencial impacto de non avanzar suficientemente neste campo.</p> <p>Os consumidores tamén reclaman máis información e maior transparencia ás marcas, o que se traduce nun incremento das necesidades de medición e reporte, pero tamén en cambios nas políticas de etiquetaxe e comunicación, por exemplo as etiquetas similares ao Nutri-score pero que informen sobre o nivel de impacto ambiental dos produtos.</p> <p>Por outra banda, o cambio climático pode traer cambios significativos nos patróns de consumo aos que as empresas deben estar preparadas para responder a tempo. Exemplos disto son o crecemento do interese polas proteínas alternativas ou, no caso do sector de viaxes, tendencias emerxentes como a da "vergoña de voar".</p> <p>Todos estes aspectos traducirase en necesidade de investimento para evitar a perda de cota de mercado.</p>
Reputacionais	<p>Impactos reputacionais por falta de acción fronte ao cambio climático</p> <p>Os consumidores e outros grupos de interese en xeral cada vez son máis sensibles e castigan con maior intensidade as accións de <i>greenwashing</i> ou <i>carbon washing</i>, así como a aquelas compañías afectadas por polémicas relacionadas con aspectos de sustentabilidade. Isto pode afectar tanto a EROSKI como ás marcas que fabrican os produtos que distribuimos, traducíndose nunha diminución da demanda nas nosas tendas. Por iso, a xestión da sustentabilidade na nosa cadea de subministración é igual de importante que a que aplicamos as nosas actividades directas.</p> <p>Adicionalmente, o impacto tamén pode darse no caso de que os grupos de interese e os consumidores en particular perciban que non estamos a responder de maneira adecuada ou suficiente á emerxencia climática, xa sexa a través de nosas propias operacións, como dos produtos e servizos que ofrecemos.</p> <p>Ademais do impacto que isto podería ter na reputación das nosas marcas, tamén pode afectar a nosa capacidade para atraer aos mellores profesionais tanto ás nosas tendas, como centros de distribución e ás oficinas centrais.</p>

Con todo, o modelo de negocio de EROSKI e moitas das iniciativas que vimos desenvolvendo desde hai tempo poden mellorar a nosa resiliencia ante estes riscos, sen que iso signifique que non debamos seguir traballando para a súa mitigación. Así, o feito de que a compañía traballa cun 60% de provedores locais e unha inmensa maioría de provedores nacionais fai que as nosas operacións non estean tan suxeitas ao impacto do cambio climático noutros países quizá máis vulnerables. Ademais, operamos con circuitos curtos de distribución e os nosos maiores centros lóxicos están situados na zona norte da península, onde determinados riscos climáticos poden ter menor intensidade, e realizamos avances importantes na descarbonización das nosas actividades lóxicas como o demostra a nosa estrela Lean & Green. A todo iso, hai que engadir que desde hai anos vimos realizando investimentos importantes en materia de eficiencia enerxética nas nosas tendas e redución da nosa pegada de carbono corporativa, así como desenvolvendo múltiples iniciativas para mellorar a nosa ecoeficiencia e fortalecer as nosas políticas de sustentabilidade. Así mesmo, temos un firme

compromiso coa transparencia cara aos nosos clientes e as persoas consumidoras, como demostran os nosos avances en etiquetaxe nutricional, pero tamén ambiental, como a publicación de forma pioneira de declaracións ambientais de alimentos de marca propia en 2020. Doutra banda, o cambio climático tamén pode representar oportunidades desde o momento en que é xa unha realidade sobre a que as principais dúbidas xa non son se se producirá ou non (xa se está producindo) senón con cantas intensidade e como transformará a nosa sociedade e modelos económicos e de consumo. Así, en EROSKI vemos a situación actual tamén como unha oportunidade para profundar aínda máis nas accións de eficiencia enerxética e eficiencia lóxica das nosas operacións, diversificar as nosas fontes de enerxía e sobre todo para unha maior innovación e diversificación nos servizos e produtos que ofrecemos. Todo iso, sen dúbida, ademais contribuirá a mellorar o noso grao de resiliencia fronte aos riscos relacionados co cambio climático.

Emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) - pegada de carbono de EROSKI:

102-11 305-1 305-2 305-3 305-4 305-5

EROSKI continúa traballando na transparencia dos seus compromisos e desempeño climático co obxectivo de me-

llorar a información dispoñible sobre os efectos do cambio climático e poder tomar as accións necesarias.

Tipo de emisións de GEI e fontes de orixe incluídas nesta memoria

Gases de efecto invernadoiro considerados CO₂, CH₄, N₂O, HFC

Emisións directas	Emisións indirectas	
Alcance 1	Alcance 2	Alcance 3*
<ul style="list-style-type: none"> Fugas de refrixerantes en sistemas de frío. Combustión de gas natural en instalacións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> Xeración de enerxía para uso propio. 	<ul style="list-style-type: none"> Viaxes de traballo por estrada e avión (consumo de combustible e estancias de hotel). Producción de diésel consumido en transporte por estrada en lóxica e viaxes de traballo. Consumo de auga potable; consumo de papel en sede, publicidade e revistas. Consumo de combustible durante o transporte lóxico por estrada e marítimo.

Total emisións
218.407
toneladas de CO₂ eq

-18%
respecto
a 2020**

*As emisións indirectas de Alcance 3 son consecuencia das actividades de EROSKI, pero procedentes de fontes que non son propiedade nin teñen control sobre elas. En total, hai 15 categorías (artigos e servizos comprados, residuos xerados, uso de produtos vendidos, etc.), pero nesta memoria inclúese só unha pequena parte delas debido á dispoñibilidade de datos. En 2020 engadíuse o transporte lóxico marítimo no alcance 1 e as pernoitas en hotéis durante viaxes de traballo no alcance 3. Prevese seguir ampliando as actividades incluídas no Alcance 3 da pegada de carbono de EROSKI en próximos exercicios.

**A redución débese principalmente á redución do consumo de electricidade e a diminución dos seus factores de emisión ao proceder en maior medida de fontes de orixe renovable; e á diminución das fugas de refrixerantes e a que estes teñan menor potencial de quecemento global.

Emisións GEI por fonte

Emisións de GEI (tCO ₂ eq)	2021	%
Emisións directas (Alcance 1)	66.717	31%
Gas natural	1.053	2%
Refrixerantes	65.664	98%
Emisións indirectas por consumo eléctrico (Alcance 2) Mix Comercializadoras¹	63.730	29%
Hipermercados	8.189	13%
Supermercados	45.730	72%
Plataformas	6.600	10%
Outros negocios	3.211	5%
Outras emisións indirectas (Alcance 3)	87.960	40%
Transporte lóxico estrada	61.989	71%
Transporte lóxico marítimo	1.902	2%
Viaxes traballo aéreo e por estrada (emisións combustión)	3.505	4%
Estancias de hotel	230	0%
Diésel transporte (do pozo ao tanque)	11.372	13%
Diésel viaxes traballo (do pozo ao tanque)	590	1%
Viaxes traballo tren	7	0%
Auga	321	0%
Papel consumido en sede EROSKI, folletos, billetes e revistas	8.044	9%

Intensidade das emisións de gases de efecto invernadoiro

Intensidade das emisións de GEI	
g CO ₂ eq/€ vendas netas	48,1
kg CO ₂ eq/m ² superficie comercial	183,7
Alcance 1	
g CO ₂ eq/€ vendas netas	14,7
kg CO ₂ eq/m ² superficie comercial	56,1
Alcance 2 (mix comercializadoras)	
g CO ₂ eq/€ vendas netas	14
kg CO ₂ eq/m ² superficie comercial	53,6
Alcance 3	
g CO ₂ eq/€ vendas netas	19,4
kg CO ₂ eq/m ² superficie comercial	74,0
Alcance 1+2	
g CO ₂ eq/€ vendas netas	28,7
kg CO ₂ eq/m ² superficie comercial	109,7

¹As emisións do alcance 2 calculáronse usando o factor de emisión das comercializadoras contratadas. As emisións calculadas co mix nacional preséntanse na táboa 30 do Anexo, xunto coa comparativa con anos anteriores.

Accións para impulsar a sustentabilidade ambiental

102-11 305-1 305-2 305-3 305-4 305-5

Abordamos o impulso da sustentabilidade ambiental cun enfoque colaborativo que ten en conta todo o noso itinerario produtivo e que busca involucrar tamén a actores externos na nosa organización. En coherencia cos nosos 10 Compromisos coa saúde e a sustentabilidade, traballamos en todo o ciclo de vida da nosa organización con distintas liñas de actuación que abarcan como deseñamos e producimos os nosos produtos e envases, as nosas actividades lóxicas, as nosas tendas, a xestión circular dos residuos e a sensibilización aos consumidores.

Produtos máis sustentables

En EROSKI creemos indispensable colaborar con empresas provedoras responsables que compartan o noso compromiso co desenvolvemento sostible para a incorporación do factor medioambiental na nosa oferta. Velamos porque todos os procesos, desde a orixe da produción ata as operacións na tenda, pasando por toda a transformación e manipulación, reduzan o seu impacto ambiental. Isto inclúe a erradicación de tratamentos fitosanitarios post-colleita, a certificación das nosas peixerías con selos de sustentabilidade, o control do uso de antibióticos, a incorporación de prácticas que garanten o benestar animal ou o fomento de gamas ecolóxicas.

Ademais, continuamos renovando e xerando novos convenios de colaboración con organizacións sectoriais para o impulso dos alimentos locais, Denominacións de Orixe (DO) e Indicacións Xeográficas Protexidas (IGP). Actualmente, contamos con máis de 2.500 produtos con DOP ou IGP: máis de 1.600 diferentes viños e máis de 180 referencias de queixo con DOP, máis de 100 produtos de conservas vexetais, aceites, legumes e arroz con DOP e IGP, e máis de 230 produtos cárnicos con IGP. Ademais, contamos con máis de 1.180 produtos con marcas de calidade diferenciada como Eusko Label, Reyno Gourmet ou Terra de Sabor, entre outras.

O diálogo coas empresas produtoras agroalimentarias locais é peza fundamental para este modelo de colaboración, polo que mantemos con eles encontros periódicos para seguir fomentando e innovando na estratexia común que compartimos cos pequenos produtores en aras de fomentar a diversidade no sector primario. En 2021 organizamos tres mesas sectoriais no País Vasco e Navarra para analizar a situación actual e futura dos sectores de hortaliza, viño e sidra. Así mesmo, co fin de seguir avanzando na mellora dos nosos "Compromisos PEME", realizamos unha enquisa entre máis de 650 pequenos produtores e PEMES cos que colaboramos, enquisa na que os produtores destacan a

nosa dispoñibilidade e accesibilidade, a elevada esixencia con respecto á calidade e o noso compromiso público cos produtores locais e o feito de poñelo en práctica.

Ademais, asinamos dous acordos institucionais: un acordo de colaboración co Goberno de Aragón para o desenvolvemento e promoción do produto aragonés no mes de xullo, e a renovación do Convenio coa Federación de Cooperativas de Cataluña en agosto.

Programa de Acompañamento a produtores locais

EROSKI traballou en 2021 no desenvolvemento dunha nova ferramenta ao servizo dos seus pequenos produtores agroalimentarios, para promover un maior coñecemento e compromiso coas empresas proveedoras locais de EROSKI e a súa contorna, proporcionar formación e apoio para unha mellora continua, acompañar e guiar cara a unha maior calidade dos produtos e un mellor comportamento ambiental e social, e lograr unha maior transparencia na cadea de subministración. O proxecto, que se lanzará no País Vasco no primeiro trimestre de 2022, conta cunha primeira fase, de diagnóstico, cuxo obxectivo é identificar o estado de situación nos diferentes aspectos de calidade, bo goberno, sustentabilidade ambiental, social e económica dos produtores para axudarlles na mellora continua. Despois, nunha segunda fase, EROSKI comunicará a cada produtor o seu estado de situación coa identificación de posibles áreas de mellora.

Finalmente, detectadas as áreas de mellora, EROSKI levará a cabo a terceira fase, a de formación a través de seminarios dixitais, boletíns informativos e xornadas técnicas para facilitar aos produtores a capacitación dos seus traballadores e o desenvolvemento de melloras nos seus produtos e procesos. Este programa de acompañamento será continuado para dispoñer dun diagnóstico actualizado e proporcionar contidos de interese variados no tempo.



Promoción dos produtos locais

O obxectivo de EROSKI de fomentar os produtos locais esténdese tamén ao traballo por divulgar e promover os valores culturais, gastronómicos e culinarios que son inherentes a eles. Mentres que a nosa oferta de produtos de proximidade continúa aumentando de maneira constante nos últimos anos, en EROSKI tamén estamos implicados na promoción do consumo destes alimentos autóctonos como vía para manter a nosa cultura gastronómica, a nosa economía e as nosas paisaxes.

Neste sentido, continuamos coa dinamización comercial a través da realización de campañas todos os meses do ano en todas as rexións, atendendo á temporalidade do

produto e en moitas ocasións da man de Consellos Reguladores e Marcas de Calidade. Así mesmo, incorporamos desde xuño 2021 novos elementos de comunicación, tanto na canle física como na dixital, e impulsamos a realización de eventos dixitais.

Dentro das accións que buscan recoñecer iniciativas con impacto local, en 2021 Basque Culinary Center e EROSKI recoñeceron a tres antigos alumnos, cuxos proxectos están a transformar a maneira de entender a alimentación e a gastronomía no marco dos "Recoñecementos EROSKI- BCC Onenak 2021".



Fomento da cultura, lecer e contorna local

413-1; 413-2

O fomento das iniciativas máis locais de EROSKI busca favorecer o benestar das persoas próximas á nosa rede comercial e poñer en valor a cultura e tradicións máis próximas.

Promoción e difusión das linguas locais

En EROSKI consideramos as linguas locais como parte esencial do patrimonio cultural das comunidades da nosa contorna e, en consecuencia, traballamos de forma continua para a súa promoción e difusión. Non é casual que sexamos, desde hai décadas, a única empresa de distribución que ofrece a etiquetaxe dos seus produtos de marca propia en éuscaro e no resto das linguas oficiais. Ademais, colaboramos en distintas iniciativas externas que promoven o seu uso.

No caso do éuskera, participamos na Feira do Libro e Disco Vasco de Durango (Durangoko Azoka), a máis sinalada do calendario no ámbito da promoción da lingua vasca, e na que estamos presentes dende hai décadas. Tamén colaboramos coas principais actividades de promoción do éuscaro no sector educativo en cada territorio (Ibilaldia, Araba Euskaraz, Kilometroak e Nafarroa Oinez), nas que máis de 6.000 persoas participaron nos eventos da Escola de Alimentación da Fundación EROSKI organizados nelas, dirixidos ao fomento de hábitos alimentarios saudables entre os escolares e as familias. Ademais, desenvolvemos iniciativas e proxectos como o Plan de Éuscaro, para conseguir contornas bilingües e aumentar o uso do éuscaro dentro da organización.

Tamén en Galicia poñemos en valor a cultura e a lingua da rexión sumándonos a todas aquelas iniciativas que están estreitamente ligadas á sociedade galega. Por exemplo, como en exercicios anteriores, en 2021 continuamos apoiando a celebración do Día das Letras Galegas.

Estas accións únense ao esforzo continuado que facemos para que a revista CONSUMER EROSKI poida ser lida en castelán, éuscaro, galego e catalán. Tamén as revistas EROSKI Club e Sabor- CAPRABO están dispoñibles nos idiomas oficiais dos territorios nos que operamos.

Lecer e cultura

Así mesmo, tentamos achegar a cultura ás persoas consumidoras a través de diversos patrocinios como, por exemplo, o do festival cultural Musikaire, que ten lugar anualmente en Elorrio, onde se sitúa a nosa sede social.

Tamén VEGALSA-EROSKI colaborou un ano máis coa Carreira de Obstáculos pola integración ENKI, que busca a igualdade de oportunidades no acceso ao goce dos bens de carácter cultural na cidade da Coruña, e a eliminación dos obstáculos para a plena participación de toda a cidadanía nos mesmos, con especial atención ás persoas con discapacidade. Ademais, impulsou a cultura local co patrocinio de tres das citas musicais do verán en Galicia: o Morriña Fest, o Resurrection Fest e o Caudal Fest; así como da iniciativa de intercambio artístico e profesional Camiño Escena Norte na súa terceira edición.

Así mesmo, conscientes da importancia do deporte na sociedade actual e para desenvolver unha vida saudable, tamén apoiamos actividades deportivas organizadas na nosa contorna máis próxima.

No País Vasco colaboramos con carreiras e actividades populares como a Subida a Artxanda. Ademais, asinamos un acordo coa Agrupación Deportiva de Baloncesto Feminino ARASKI e a Fundación Ciclista de Euskadi para impulsar o desenvolvemento e a promoción de hábitos saudables a través da alimentación e o deporte.



Plátano

EROSKI Natur de

325 agricultores de

La Palma

7

Compromiso
coa
sociedade

Donamos
10 céntimos
por kilo vendido

A través de:



Cruz Roja



OVERVIEW, CC BY 2.0





Nosa contribución á sociedade

413-1; 413-2

En EROSKI, desde a nosa orixe, desenvolvemos unha acción social diversa para contribuír de maneira efectiva a facer posible unha sociedade máis xusta e solidaria. Para iso, implicamos aos traballadores e traballadoras, promovendo á súa vez a participación da clientela na proposta e desenvolvemento de campañas e iniciativas sociais de ámbito local e nacional. Así é como orientamos a acción social cara ás diferentes necesidades e sensibilidades dos nosos grupos de interese.

Para materializar as accións en favor da sociedade, dedicamos un mínimo do 10% dos nosos beneficios ao Fondo de Contribución Obrigatoria para Educación e Promoción Cooperativa e Outros Fins de Interese Público (COFIP). Estes recursos económicos canalízanse a través da Fundación EROSKI, constituída en 1997, que desenvolve a súa actividade de segundo catro grandes eixes de actividade:

1. A formación e información das persoas consumidoras.
2. A promoción educativa, cultural e profesional, en especial en materia consumerista e de compromiso coa contorna e o medio ambiente.
3. A solidariedade e promoción asistencial.
4. A investigación, desenvolvemento e innovación en relación co consumerismo, alimentación, medio ambiente e os hábitos de vida saudables.

Para articular estes eixes, a Fundación conta cun equipo técnico multidisciplinar que promove accións en favor das persoas consumidoras, realiza campañas de divulgación, edita revistas e guías, ofrece bolsas e axudas e colabora con organizacións sociais. O Padroado da Fundación garante que o Plan de Actuación definido anualmente se desenvolva baixo os principios de imparcialidade, independencia, transparencia, eficiencia e responsabilidade.

Desta forma, apoiamos accións ben por iniciativa propia ou mediante o establecemento de convenios de colaboración con terceiros para o desenvolvemento social e cultural da nosa contorna.

As achegas económicas en 2021 de EROSKI e os seus clientes para fins sociais ascenderon en total a 13.579.518€, distribuídos nos seguintes campos da acción social:

Distribución das achegas para acción social



Programa de doazón de céntimos solidarios

413-1; 413-2

En 2021 consolidamos o programa de doazón permanente lanzado en novembro de 2020, a través do cal facilitamos a solidariedade dos nosos clientes día a día nas nosas tendas. A través deste programa, os clientes de EROSKI e CAPRABO poden facer unha pequena doazón á causa benéfica que estea en marcha en cada momento ao pagar a súa compra con tarxeta ou móbil. A achega, sempre voluntaria e confidencial, é unha pequena cantidade simbólica de 10 céntimos para compras entre 5 e 30 euros, e de 20 céntimos para compras superiores a 30 euros, que EROSKI complementa cunha achega propia.

Os máis de 2 millóns de euros doados a través dos 14 millóns de doazóns de céntimos solidarios foron destinados a 368.000 persoas a través de 260 entidades sociais, que financiaron proxectos de axuda á infancia, á conservación do medio ambiente, á loita contra o cancro, aos maiores, a persoas en risco de exclusión social, con discapacidade, enfermidades dexenerativas e a vítimas de violencia de xénero.

Indicadores do programa de doazón de céntimos solidarios desde o seu inicio

Máis de **3 millóns de euros** doados

435.000 persoas axudadas

260 entidades sociais coas que colaboramos

Doazóns do programa no exercicio 2021

Mes	Colectivo apoiado	Doazóns de EROSKI e os seus clientes (euros)
Febreiro 2021	Nenos e nenas con cancro	213.053
Marzo 2021	Mulleres e infancia vítimas da violencia de xénero	193.537
Abril 2021	Persoas con enfermidades neurodexenerativas	277.698
Maio 2021	Familias en risco de exclusión social	175.760
Xuño 2021	Protección do medio ambiente	154.347
Xullo 2021	Persoas maiores en situación de vulnerabilidade	160.138
Agosto 2021	Persoas con discapacidade	144.898
Setembro 2021	Nenos e nenas en situación de vulnerabilidade	218.388
Outubro 2021	Mulleres con cancro	153.543
Novembro e decembro 2021	Familias en situación de vulnerabilidade	343.251
Xaneiro 2022	Refuxiados e cooperación internacional	138.109

Construímos o noso Plan de Solidariedade 2022 desde a escoita

O Plan Solidariedade que EROSKI elaborou ao longo do exercicio para o ano 2022 nace tras a iniciativa de escoita e convocatoria solidaria que puxo en marcha para recoller as opinións e propostas de entidades sociais, traballadores, clientes e cidadanía a fin de elixir os proxectos sociais beneficiarios do seu programa de doazón de céntimos solidarios e engadir novas entidades como receptoras dos alimentos doados a través do seu programa Desperdicio Cero.

Máis de 12.400 persoas participaron na escoita realizada en setembro de 2021 achegando as súas respostas e 289 entidades sociais que presentaron 464 proxectos solidarios para acceder ao programa permanente de EROSKI e poder reforzar o seu impacto benéfico entre quen máis o necesita.

A análise realizada por un Comité Asesor formado por ONG, consumidores e socios serviu para construír o plan final para este 2022 e o recadado a través do programa solidario será destinado a causas como a axuda á infancia ou ás mulleres con cancro, o apoio a mulleres e nenos vítimas de violencia de xénero, asistencia ás persoas con enfermidades neurodexenerativas ou con enfermidades raras, o respaldo ás persoas con discapacidade, colaboración coas familias ou maiores en situación de vulnerabilidade ou a protección do medio ambiente e dos animais sen fogar.

Respondemos ante a emerxencia social

413-1; 413-2

Nestes tempos de pandemia e de dificultades económicas para moitas familias, a solidariedade adquire gran importancia para saír adiante. Ademais, xurdiron novas emerxencias sociais como a erupción do volcán da Palma. Neste contex-

to, EROSKI reforzou as súas iniciativas solidarias para que as persoas que máis o necesitan teñan cubertas as súas necesidades básicas de nutrición e hixiene.

Campaña de emerxencia a favor dos afectados polo volcán de La Palma

Xunto os nosos clientes doamos máis de 435.000 euros a favor das persoas afectadas pola erupción do volcán de Cumbre Vieja de La Palma grazas á campaña solidaria de emerxencia que puxemos en marcha en toda a rede comercial.

Os fondos recadados, máis a cantidade adicional achegada por EROSKI, canalizáronse a través de Cruz Vermella, entidade que está a traballar de forma directa en apoio á poboación damnificada por esta catástrofe.

A acción solidaria contivo dúas liñas de traballo. Por unha banda, animamos aos clientes para consumir Plátano de Canarias como forma de apoio ao sector bananeiro e á poboación afectada pola erupción do volcán. EROSKI doou 0,10 euros por cada quilo de plátanos EROSKI Natur vendido. Doutra banda, apelamos á colaboración dos seus clientes habilitando un mecanismo de doazón voluntaria ao seu paso por caixa.

Campañas cos Bancos de Alimentos

En 2021 cumprimos 25 anos de colaboración coa Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL), á que doamos os alimentos recollidos anualmente nas nosas tendas: a "Operación Quilo", en xuño, e a "Gran Recollida de Alimentos", en novembro. Estes alimentos destínanse a aquelas persoas de cada comunidade afectadas por dificultades económicas e en risco de exclusión social, que se viron agravadas coa pandemia. En 2021, debido á crise sanitaria, non foi posible a recollida física de produto, que foi substituída pola posibilidade de colaborar doando o importe elixido por cada cliente na liña de caixas das nosas tendas, á que, como sempre, EROSKI engade a súa achega propia. Grazas a iso, doamos entre todos máis de 3 millóns de comidas a través destas campañas en tenda a favor dos Bancos de Alimentos, conseguindo así poder alimentar a 1.200 familias durante un ano.

Tarxeta de compra para fins sociais

A tarxeta de compra para fins sociais de EROSKI e CAPRABO axuda a canalizar a axuda asistencial de concellos e entidades sociais a cidadáns e familias en situacións de emerxencia. A tarxeta persoal entégase a cada usuario cun importe cargado inicialmente, e ofrece a posibilidade de realizar de forma automática recargas de saldo periódicas personalizadas segundo as indicacións da entidade. A súa aparencia, similar ás tarxetas regalo ou de fidelización de EROSKI, permite normalizar o acceso ás necesidades básicas dunha forma integradora e non meramente asistencial, priorizando a solidariedade, a seguridade, a confidencialidade, a autonomía e a dignidade das persoas como os valores fundamentais deste programa.

En 2021 colaboramos con máis de 130 entidades públicas e sociais para facilitar a canalización das súas axudas asistenciais a persoas en situación vulnerable a través da tarxeta de compra para fins sociais. O diñeiro canalizado a través das tarxetas equivale a máis de 10 millóns de comidas ao ano.

Programa Desperdicio Cero

En EROSKI seguimos traballando para erradicar o desperdicio alimentario. O noso protocolo de actuación garante a seguridade alimentaria nas doazóns de todos os produtos frescos e de alimentación que, estando en perfectas condicións de consumo, retiramos dos nosos lineais para cumprir co noso compromiso cos clientes de frescura máxima e aspecto do envase. Asegurámonos de que os produtos doados manteñan a súa cadea de frío tamén na entidade receptora da doazón, asegurando as mesmas garantías no seu transporte e instalacións ata que o alimento é consumido.

O criterio de asignación e a entrega final destes produtos ao destinatario realízase a través de máis dun centenar de entidades sociais de todo o territorio nacional coas que asignamos convenios de colaboración. En 2021, EROSKI doou máis de 5.600 toneladas de alimentos e produtos básicos destinados aos colectivos máis desfavorecidos a través dun centenar de organizacións sociais.

EROSKI conta co recoñecemento Premio Espiga de Ouro, o máximo galardón que outorga a Federación Española de Banco de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

Durante este 2021, EROSKI e os seus clientes doaron máis de 17 millóns de comidas básicas destinados aos colectivos máis desfavorecidos. A cifra equivale a alimentar a máis de 4.200 familias durante un ano.

Outras accións solidarias

413-1; 413-2

As nosas campañas van máis aló da solidariedade alimentaria, prestando apoio a colectivos vulnerables e promovendo o compromiso co medio ambiente a través de hábitos de

consumo que favorezan a preservación dos recursos naturais. Destacamos a continuación algunhas delas.

Apoio ás persoas afectadas de cancro

EROSKI participou un ano máis en distintas accións coa Asociación Española Contra o Cancro (AECC). Entre outras accións realizou venda de camisetas en outubro, apoio á campaña contra o cancro de pel no verán, apoio ás carreiras da muller, etc. Ademais, CAPRABO realizou unha recollida de donativos para colaborar co programa de atención integral da muller con cancro.

Campaña Mide Sorrisos a favor de persoas con enfermidades de Baleares

Por décimo ano consecutivo, EROSKI levou a cabo a campaña Mide Sorrisos nas súas tendas de Baleares, coa que se recadaron 49.000 euros a favor de 14 organizacións locais que atenden a distintos colectivos afectados por enfermidades como esclerose múltiple, diabetes ou cancro, entre outras.

Campaña con Proxecto Home en Baleares

En 2021 desenvolvemos a campaña Contigo a vida colle cor en Baleares, que ofrece aos clientes dos supermercados un obxecto orixinal a cambio dun euro para colaborar coa fundación Proxecto Home. Recadáronse 40.000 euros que se destinarán aos programas de axuda ás persoas drogodependentes da illa que ten esta entidade.

Xestión de residuos téxtiles solidaria e sustentable

Como cada ano, a roupa e calzado que os clientes levaron as nosas tendas para a súa reutilización ou reciclaxe foi xestionada por entidades como Koopera, Humana Fundación Pobo para Pobo ou INS3RTEGA, entre outras, e destináronse os máis de 21.000 euros de beneficios a proxectos sociais.

Cooperación internacional

En EROSKI cremos que a solidariedade debe cruzar fronteiras e por iso as nosas campañas tamén poñen o foco en responder necesidades urxentes aos que están máis lonxe.

Ademais da campaña do programa Céntimos Solidarios a favor de UNICEF, ACNUR ou MUNDUKIDE, continuamos un ano máis doando artigos de consumo non alimentario (xoguetes, calzado, roupa, material escolar e produtos ópticos, entre outros) a nenos en Latinoamérica a través da Federación Nenos do Mundo, organización que traballa para o desenvolvemento humano sustentable e a cooperación internacional. En 2021 as doazóns chegaron a un valor de 273.000 euros.

Apoio ás familias

EROSKI mantén convenios de colaboración para o apoio ás familias numerosas con entidades como Hirukide, Fanoc e Familia XL, entre outras. Ademais, conscientes das necesidades particulares deste tipo de familias, ofrecemos vantaxes especiais a través das nosas tarxetas de fidelización e de iniciativas como a Tarxeta Benvida da Xunta de Galicia en VEGALSA-EROSKI ou o programa Benvido Bebé de CAPRABO. **Así, durante 2021 máis de 20.000 familias numerosas beneficiáronse dun aforro de máis de 1,1 millóns de euros.**

Estas accións complementáanse coa ferramenta online Benvida Matrona de CAPRABO, grazas ao que os proxenitores poden dispoñer das respostas a todas as cuestións que máis lles preocupan durante o embarazo, o parto e ao longo dos primeiros anos de vida do bebé. Esta é unha iniciativa que conta co apoio de organizacións como FAME (Federación de Asociacións de Matronas de España), AEM (Asociación Española de Matronas) e o pediatra Dr. J. Mateu Sancho.



Delegatuen
Batzar Nagusia
Asamblea General de
Personas Delegadas

EROSKI

8

Compromiso
coa
transparencia

EROSKI
Koop E - S Coop

Garai bat amaitu,
beste bat hasiteko.
El final de una etapa,
el comienzo de una nueva.

Resultados financeiros

102-7; 201-1;

Co avance do proceso de vacinación o exercicio 2021 iniciou certa tendencia á recuperación dos hábitos de consumo previos á pandemia, pero con todo as distintas ondas de contaxios xurdidas no ano impediron que se poida considerar un exercicio normalizado. De feito, finalizouse o exercicio cunha importante sexta onda e medidas restritivas no lecer e restauración.

O volume de actividade reduciuse respecto ao ano anterior no que o confinamento induciu a un importante aumento nas cifras do negocio alimentario. Nos negocios nos que as medidas restritivas de mobilidade do ano 2020 influíron negativamente, aqueles ligados ao lecer deporte, e principalmente viaxes, non recuperaron a normalidade quedándose moi lonxe dos volumes de actividade prepandémicos.

Os custos fóronse axustando á actividade, e poderíase observar unha mellora no resultado operativo, respecto ao obtido no exercicio 2019, se non fora polo grande impacto que nos últimos meses do ano tivo a escalada de prezos da enerxía. En poucos meses supuxo un elevadísimo custo que non se puido trasladar directamente ao mercado.

Ao longo do exercicio culminouse a entrada do socio EPCG no capital dos negocios ligados a Cataluña e Baleares. Con esta incorporación refórzase o proxecto do Grupo especialmente centrado en ambas as dúas áreas xeográficas.

Destaca adicionalmente a significativa redución da débeda acometida no exercicio de máis de 450 millóns de euros, o que permite alcanzar niveis razoables de apalancamento financeiro.

Valor económico directo xerado e distribuído (miles de euros)

	2021	2020	2019
Ingresos ordinarios	4.792.390	5.051.067	4.835.650
Vendas netas distribución	4.541.380	4.807.439	4.584.227
Outros ingresos sen rendemento venda inmovilizado	251.009	243.628	251.423
Beneficio operativo (antes de deterioracións, resultados venda inmovilizado e actividades non correntes)	185.475	252.411	193.840
Deterioro, resultado venda inmovilizado e activos non correntes	-63.914	-198.963	-162.602
Beneficio antes de xuros e impostos	121.562	53.448	31.238
Resultado financeiro	33.147	-104.503	57.526
Participación beneficio/perdas das inversións aplicando método de participación	221	232	1.436
Imposto sobre as ganancias	-50.316	-26.740	-45.028
Beneficio neto por actividades interrompidas	0	0	0
Resultado do exercicio	104.614	-77.562	45.173

Taxonomía de Finanzas Sustentables

A Taxonomía de Finanzas Sustentables da Unión Europea (UE) é unha ferramenta para que os investidores poidan identificar oportunidades de investimento que cumpran coas políticas ambientais. En xuño de 2021, a UE publicou dous actos delegados nos que se define a listaxe das actividades que contribúen á mitigación e adaptación ao cambio climático, mentres que os actos delegados para os restantes catro obxectivos publicaranse, previsiblemente, a finais do 2022. A Taxonomía da UE ten o propósito, tamén, de determinar se a actividade económica non causa un prexuízo significativo a ningún dos demais obxectivos ambientais e cumpre cunhas garantías mínimas sociais.

Como entidade de interese público, desde EROSKI debemos reportar para o exercicio 2021 a elixibilidade das nosas actividades e produtos de acordo á Taxonomía da UE e as porcentaxes das variables económico-financieiras da elixibilidade.

En concreto:

- Porcentaxe do volume de vendas que se axustan á Taxonomía sobre o total.
- Porcentaxe de CapEx (gasto en capital) que se axusta á Taxonomía sobre o total.
- Porcentaxe de OpEx (gasto operacional) que se axusta á Taxonomía sobre o total.

Identificáronse un total de 9 actividades e produtos elixibles dentro do obxectivo ambiental de mitigación ao cambio climático. Por exemplo, a instalación de equipos de eficiencia enerxética, as bombas de calor eléctricas, as placas fotovoltaicas, o renting de vehículos comerciais lixeiros ou o investimento no mantemento de servidores de datos.

A continuación, preséntase un resumo das nosas actividades elixibles coas súas correspondentes variables económico-financieiras.

Indicadores económicos da taxonomía verde (miles de euros)

Actividades elixibles	Actividade da taxonomía	Vendas	% Vendas	CapEx	% CapEx	OpEx	% OpEx
Bombas de calor eléctricas	4.16 Instalación e explotación de bombas de calor eléctricas					210.000	0,17%
Valorización de residuos non perigosos	5.9 Valorización de materiais de residuos non perigosos	4.548.587	0,10%			3.933.981	3,17%
Renting de vehículos comerciais lixeiros	6.5 Transporte por motocicletas, turismos e vehículos comerciais lixeiros					1.607.677	1,30%
Construción de edificios novos	7.1 Construción de edificios novos			2.761.258	1,25%		
Renovación de edificios existentes	7.2 Renovación de edificios existentes			5.976.757	2,72%		
Instalación de equipos de eficiencia enerxética	7.3 Instalación, mantemento e reparación de equipos de eficiencia enerxética					2.155.727	1,74%
Instalación de equipos para medir, regular e controlar a eficiencia enerxética dos edificios	7.5 Instalación, mantemento e reparación de instrumentos e dispositivos para medir, regular e controlar a eficiencia enerxética dos edificios			52.042	0,02%		
Instalación e compra de paneis solares fotovoltaicos	7.6 Instalación, mantemento e reparación de tecnoloxías de enerxía renovable			69.000	0,03%		
Xestión de datos de clientes	8.1 Proceso de datos, aloxamento e actividades relacionadas					1.348.121	1,09%
Total actividades elixibles (mitigación cambio climático)		4.548.587	0,10%	8.859.057	4,02%	9.255.507	7,47%

Os resultados obtidos resúmense nos seguintes aspectos máis relevantes:

- Observando as magnitudes relativas, o produto ou actividade cunha maior porcentaxe de vendas en relación coa elixibilidade da Taxonomía é a valorización de residuos non perigosos cun 0,10% respecto ao total. Así mesmo, para a magnitude de OpEx, a maior porcentaxe corresponde tamén á actividade mencionada anteriormente, cun 3,17% respecto o total. Finalmente, polo que respecta á magnitude de CapEx, a maior porcentaxe corresponde á renovación de edificios existentes, cun 2,72% respecto o total.
- En relación cos totais de actividades e produtos elixibles, a maior porcentaxe respecto o total corresponde ao OpEx cun 7,47%, seguido da porcentaxe de CapEx cun 4,03% e finalmente, a porcentaxe de vendas cun 0,10%.

En 2022 ampliárase a información para o resto de obxectivos ambientais que se regulen durante o exercicio e revisarase as tres variables de aliñamento das actividades económicas que marca a Taxonomía, que son:

- Cumprimento dos criterios técnicos de selección (contribución substancial).
- Cumprimento dunhas garantías sociais mínimas.
- Non causar un prexuízo significativo a ningún dos obxectivos ambientais da Taxonomía.

Alcance da memoria e principios de elaboración

102-45

En EROSKI traballamos para mellorar e ampliar cada ano a información de desempeño que presentamos aos nosos grupos de interese como parte do noso compromiso coa transparencia dentro e fóra da organización. Por iso, elaboramos esta memoria en base cos estándares de Global Reporting Initiative (GRI), unha institución independente fundada en 1997 que é o marco de referencia máis usado a nivel mundial en informes de sustentabilidade. Ao aplicar os criterios e principios recollidos nos estándares de Global Reporting Initiative buscamos asegurar que a calidade da memoria e o seu contido estean aliñados coas expectativas dos nosos grupos de interese, ademais de permitir a comparación dos distintos indicadores reportados cos nosos resultados en anos sucesivos e cos informes presentados por outras organizacións.

As sociedades para as que se reportan datos nesta memoria

son aquelas afectadas pola lei 11/2018 de información non financeira e diversidade. Estas son as 22 sociedades incluídas no Anexo I dos estados consolidados financeiros con integración global, aínda que non todas teñen un impacto en todos os aspectos non financeiros reportados na memoria. Non se inclúen as empresas incluídas en Anexo II dos estados financeiros, as chamadas empresas asociadas, xa que son sociedades nas que non temos o control, entendido en virtude do artigo 42 do Código de Comercio, e, ademais, a maioría delas non contan con traballadores nin realizan ningún tipo de actividade. Por iso, considérase que non implican riscos non financeiros e exclúense deste documento.

A seguinte táboa presenta a desagregación de sociedades do Anexo I dos estados consolidados financeiros por agrupación de aspectos materiais reportados.

I Sociedade do Grupo EROSKI e a súa cobertura

Sociedade	Aspectos económicos e protección de datos	Aspectos ambientais	Aspectos sociais/laborais/ produto-cliente
EROSKI, S.COOP.	✓	✓	✓
CAPRABO, S.A.	✓	✓	✓
CECOSA HIPERMERCADOS, S.L.	✓	✓	✓
CECOSA SUPERMERCADOS, S.L.	✓	✓	✓
EQUIPAMIENTO FAMILIAR Y SERVICIOS, S.A.	✓	✓	✓
EROSKI HIPERMERCADOS, S.COOP.	✓		✓
FORUM SPORT, S.A.	✓	✓	✓
GRUPO EROSKI DISTRIBUCIÓN, S.A.	✓	✓	✓
PENINSULACO, S.L.	✓	✓	✓
VEGONSA AGRUPACIÓN ALIMENTARIA, S.A. e sociedades dependentes	✓	✓	✓
VIAJES EROSKI, S.A.U.	✓	✓	✓
APORTACIONES FINANCIERAS EROSKI, S.A.	✓		
CECOGOICO, S.A.	✓		
CECOSA DIVERSIFICACIÓN S.L.	✓		
CECOSA INSTITUCIONAL, S.L.	✓		
DESARROLLOS COMERCIALES DE OCIO E INMOBILIARIOS DE ORENSE, S.A.	✓		
DESARROLLOS INMOBILIARIOS LOS BERROCALES, S.A.	✓		
GESTIÓN DE PARTICIPACIONES FORUM, S.C.P.	✓		
INMOBILIARIA RECARÉ, S.A.U.	✓		
JACTUS SPAIN, S.L.	✓		
NEWCOBECO, S.A.	✓		
SOCIEDAD FRANQUICIAS EROSKI CONTIGO, S.L.	✓		
SUPRATUC2020, S.L.	✓		

A ausencia de reporte en información ambiental ou social nalgunhas destas sociedades débese a que non contan con traballadores nin actividade directa con persoas consumidoras, polo que non xeran ningún impacto neses aspectos non financeiros. Adicionalmente, inclúese información sobre as accións da Fundación EROSKI en relación co estándar GRI-413 de Comunidades locais.

Destas sociedades, as que son propietarias de establecementos para os distintos negocios que presentamos no capítulo 2 (Un modelo de negocio comprometido "contigo") son as seguintes:

I Sociedades propietarias de establecementos por negocio

Sociedade	Hiper-mercados	Super-mercados	Gasolineiras	Ocio e deporte	Axencias de viaxes	Ópticas	Tendas online
EROSKI, S.COOP.	✓	✓				✓	✓
CAPRABO, S.A.		✓	✓				✓
CECOSA HIPERMERCADOS, S.L.	✓		✓			✓	
CECOSA SUPERMERCADOS, S.L.		✓	✓				
EQUIPAMIENTO FAMILIAR Y SERVICIOS, S.A.		✓					
FORUM SPORT, S.A.				✓			✓
PENINSULACO, S.L.		✓					
VEGONSA AGRUPACIÓN ALIMENTARIA, S.A.	✓	✓	✓			✓	✓
VIAJES EROSKI, S.A.					✓		✓



Os nosos grupos de interese

102-40; 102-42

A nosa actividade xera impactos en diferentes grupos de interese e viceversa. Estas persoas, grupos, colectivos e organizacións son moi importantes para nós, xa que existe unha interacción e cooperación mutua, fortalecida e traballada cos anos. Por tanto, comprendelos e involucralos nas nosas actividades e decisións é básico no desenvolvemento da nosa Responsabilidade Social e no control dos nosos impactos. Para iso, a actual complexidade e dinamismo do contexto social e empresarial fixo imprescindible adquirir un compromiso sólido con eles para coñecer as súas expectativas e desafíos.

Diferenciamos entre grupos de interese internos, é dicir, aqueles grupos ou persoas que son parte integral do Grupo EROSKI, e grupos de interese externos, que inclúen desde a nosa clientela ata gobernos ou entidades sociais:



Grupos de interese externos



Mecanismos de comunicación específicos e cuestións e preocupacións clave identificadas para cada grupo de interese

102-44

Mecanismos de comunicación específicos e cuestións e preocupacións clave identificadas para cada grupo de interese

Grupo de interese	Mecanismos de comunicación específicos	Cuestións e preocupacións clave
Cientes e Socios/as Cliente	Servizo de atención ao cliente (en tenda, teléfono e web) Revista EROSKI Club Revista Sabor de CAPRABO Estudios de satisfacción de clientes Programas de escoita á clientela Folletos promocionais App EROSKI Newsletters	Innovación Cumprimento normativo Empresa socialmente responsable Saúde e seguridade dos clientes Protección de datos Rastrexabilidade de produto Competitividade no mercado Desperdicio alimentario
Persoas consumidoras	Revista consumer.es Escuela de Alimentación Eroski (www.escoladadelimentacion.es) CONSUMER EROSKI Enquisa Nutricional da Poboación Española (ENPE) Campañas de sensibilización (saúde, solidariedade e medio ambiente) Institucións públicas e organizacións que velan polos intereses dos consumidores (Kontsumobide, Consello de Consumidores e Usuarios, AECOSAN, etc.) Notas e roldas de prensa	Servizo de atención ao cliente Competitividade no mercado Saúde e seguridade dos clientes Promoción de hábitos de consumo saudables e sostibles Empresa socialmente responsable Márketing e etiquetaxe Desperdicio alimentario Rastrexabilidade do produto
Persoas traballadoras	Publicacións: Nexo, Néctar, A Parrapla, intranets (Prisma, ForumNet), actas, comunicacións en sede Entrevistas de avaliación Enquisas de cultura laboral Auditorías (Código ético) Canle de denuncia	Cumprimento normativo Protección de datos Saúde e seguridade no traballo Saúde e Seguridade dos clientes Emprego Conciliación Anticorrupción Xestión ética e responsable
Socios/as Traballadoras	Órganos de participación societaria Manual de acollida Mecanismos propios de persoas traballadoras	Cuestións inherentes ás persoas traballadoras
Socios/as Consumidoras	Órganos de participación societaria Newsletters Mecanismos propios de Socios/as Cliente e persoas consumidoras	Cuestións inherentes a persoas consumidoras e Socios/as Cliente
Empresas provedoras	Servizo de Atención a Provedores Publicacións: Nexo Loxística EROSKI Acordos con PEME Convenios de colaboración Mesas sectoriais Campañas promocionais de produtos locais Auditorías (Control calidade,...) Foros permanentes e ocasionais	Anticorrupción Cumprimento normativo Rastrexabilidade do produto Desempeño económico Competencia desleal Competitividade no mercado
Entidades financeiras/ Inversores	Informe de Goberno Corporativo Informe Contas Anuais Consolidadas Notas e roldas de prensa Páxina web da CNMV e EROSKI	Innovación Cambio climático Xestión ética e responsable Servizo ao cliente Emprego
Emprendedoras/ franquizados	Programa contigo en franquía Comunicacións directas co persoal da Dirección de Franquias da Dirección Xeral de Rede	Competitividade no mercado Impulso de provedores locais Atención ao cliente Desenvolvemento social e económico do contorna Rastrexabilidade de produto Cumprimento normativo
Gobernos e comunidade empresarial	Acordos e convenios de colaboración. Reunións con representantes públicos. Asociacións empresariais e de cooperativas de consumidores (ACES, ANGED, AECOC, etc.). Outras empresas	Xestión ética e responsable Cambio climático Igualdade de xénero e diversidade Emprego Seguridade e saúde laboral
Terceiro sector e outros axentes sociais	Reunións con representantes das distintas organizacións Comité Científico da Fundación EROSKI Universidades: convenios, bolsas ONG: convenios de colaboración, patrocinios, xornadas, stands	Accesibilidade Cumprimento normativo Desperdicio alimentario Acción social e solidariedade Empresa socialmente responsable Emprego

Análise de materialidade

102-43 - 102-44

Seguindo os principios establecidos polos GRI Standards para definir os contidos da Memoria de Sustentabilidade 2020 levamos a cabo unha actualización da análise de materialidade co fin de incluír e determinar os temas que son relevantes para EROSKI e os seus grupos de interese.

En 2021 actualizamos os resultados da análise de materialidade realizado en 2020 co obxectivo de integrar os resultados da consulta realizada a grupos de interese externos e de incorporar a visión da dobre materialidade. Neste sentido, realizouse unha análise de por que os asuntos ESG son materiais desde unha perspectiva de materialidade de impacto social-ambiental e materialidade financeira.

A análise identificou que temas son relevantes á hora de reflectir os impactos económicos, ambientais e sociais de EROSKI, así como os temas que inflúen nas decisións dos grupos de interese ou que xeran un impacto sobre a economía, o medio ambiente e/ou a sociedade.

O proceso para realizar a matriz de materialidade 2021 desenvolveuse seguindo os seguintes pasos:

1. Análise e identificación de temas materiais. Para identificar os temas potencialmente materiais (relevantes) baseámonos na listaxe de asuntos materiais publicada na Memoria de 2020.
2. Unha vez se obtivo a listaxe de asuntos, realizouse unha priorización que deu como resultado unha listaxe daqueles temas que son máis relevantes para EROSKI e os nosos grupos de interese. Para avaliar se un tema é material a medio e longo prazo consideráronse unha combinación de factores internos e externos. O método de consulta utilizado foi, maioritariamente, unha enquisa online aos grupos de interese na que participaron máis de 1.400 persoas. Na análise de materialidade recóllense as necesidades e expectativas dos seguintes grupos de interese: o persoal, as franquías, os Socios Cliente, os Socios Consumidores, o terceiro sector, os provedores, a Administración Pública, comunidade empresarial, os investidores e os medios de comunicación.
3. A materialidade financeira integrouse na visión interna dos asuntos materiais para obter unha valoración de como as temáticas ESG inflúen na consecución dos nosos obxectivos de negocio e nos nosos resultados financeiros. Neste caso tomáronse os riscos do sector identificados por EROSKI no 2020 e os principais criterios ESG aplicados polos analistas e investidores como o son: SASB, MSCI, e o Yearbook de DJSI, que identifican temas estratéxicamente relevantes para o sector desde unha visión financeira.





4. Os resultados obtidos foron revisados e validados para asegurarse de que a materialidade reflicte de maneira razoable e equilibrada o desempeño de EROSKI en materia de sustentabilidade. Ademais, para obter unha visión tanto dos impactos positivos como dos seus impactos negativos, aplicouse a visión de materialidade de impacto ambiental e social sobre os asuntos materiais resultantes da análise.

5. Para determinar o nivel de impacto social e ambiental, realizouse unha análise de gabinete que incluíu a revisión do Contexto regulamentario ESG normas ESG, así como requisitos legais e futura regulación; a análise dos asuntos materiais dos líderes do sector, os criterios establecidos en estándares de reporte non financeiro e os Obxectivos e metas de Desenvolvemento Sustentable. Fixáronse tres niveles de impacto (baixo, medio e alto), que quedan reflectidos na matriz.

Na actualización deste ano identificáronse os seguintes asuntos materiais novos: Diálogo social empresa-traballador e reputación de marca corporativa de cara ao cliente







































Matriz de materialidade EROSKI 2021

Clasificación do tema material

-  Compromisos, Políticas e Xestión Responsable
-  Clientes, consumidores e responsabilidade de produto
-  Xestión ambiental
-  Emprego e relacións laborais

Impacto no desenvolvemento sostible

-  Impacto alto
-  Impacto medio
-  Impacto baixo

